# V PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE E DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DA ESTRADA

(2023-2027)

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Centro de Información ás Mulleres
CIM A Estrada

Pacto de Estado contra a violencia de xénero

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD

PROMOCIÓN E COORDINACIÓN: Concello da Estrada e CIM da Estrada.

FINANCIAMENTO: PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. MINISTERIO DE IGUALDADE.

ELABORACIÓN: APAIOGA (Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega).

# ÍNDICE DE CONTIDOS

PRESENTACIÓN. Alcalde da Estrada ..... 4
PRESENTACIÓN. Concellería de Igualdade ..... 5
METODOLOXÍA ..... 7
PRINCIPIOS INSPIRADORES ..... 10
AVALIACIÓN DO IV PLAN MUNICIPAL ..... 13
MARCO NORMATIVO ..... 17
DIAGNOSE ..... 22
DIAGNOSE SOCIODEMOGRÁFICA ..... 22
DATOS DEMOGRÁFICOS ..... 22
MERCADO LABORAL ..... 29
ECONOMÍA E DESIGUALDADE ..... 32
EDUCACIÓN ..... 35
VIOLENCIA DE XÉNERO ..... 36
OUTROS DATOS DE INTERESE SOBRE SERVIZOS MUNICIPAIS ..... 40
ÁMBITO POLÍTICO ..... 41
DIAGNOSE PARTICIPATIVA ..... 41
ESTRUTURA DO PLAN ..... 45
EIDO 1: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO ..... 49
EIDO 2: EDUCACIÓN EN IGUALDADE ..... 55
EIDO 3: PARTICIPACIÓN SOCIAL, APODERAMENTO E BENESTAR ..... 62
EIDO 4: EMPREGO, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE ..... 69
EIDO 5: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL ..... 76
CADRO RESUMO DAS MEDIDAS DO PLAN ..... 80
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN ..... 87
GLOSARIO ..... 89

# PRESENTACIÓN. Alcalde da Estrada

O principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes é un dereito recoñecido para todas as persoas. Trátase dun asunto vital que concirne tanto ás mulleres como aos homes, é unha cuestión de dereitos humanos. A igualdade é un piar fundamental para a construción dunha sociedade xusta.

As políticas públicas de igualdade teñen como finalidade garantir que mulleres e homes poidan participar de forma igualitaria en todos os ámbitos da vida. En especial, os plans de igualdade constitúen unha serie de obxectivos, medidas e decisións adoptadas polas institucións públicas co fin de fomentar a igualdade entre mulleres e homes para mellorar a situación e posición das mulleres na sociedade. Os plans de igualdade serven para corrixir e/ou compensar as situacións de desigualdade e discriminación existentes, e teñen como finalidade contrarrestar os efectos producidos pola socialización de xénero.

Os concellos temos a oportunidade de levar a cabo actuacións e ofrecer servizos cun impacto directo na vida das persoas.  No desenvolvemento e implantación de políticas de Igualdade, o Concello da Estrada ten unha longa traxectoria. Desde o ano 2006, implantáronse catro plans municipais de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes previos ao que se presenta, o V Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero.

Como Alcalde da Estrada supón para min unha satisfacción presentar este documento, que determinará as políticas de igualdade a desenvolver nos vindeiros cinco anos e que ten como obxecto continuar co traballo emprendido nos anteriores plans, mellorándoos e poñendo en marcha accións para o desenvolvemento dunha vila onde mulleres e homes gocen das mesmas oportunidades en todos os ámbitos da vida.

Somos conscientes de que as administracións locais teñen unha proximidade e posibilidade de impacto fundamental nas políticas de igualdade e por iso, deseñamos un plan que atende as necesidades e características deste Concello e que procura involucrar os principais axentes sociais da contorna, a todas as áreas e departamentos municipais e á poboación xeral.

Desde a miña posición como Alcalde e desde toda a corporación municipal, materializamos o noso compromiso a través deste documento e animamos á implicación de toda a poboación estradense. Só coa complicidade de toda a sociedade estradense poderemos continuar o noso traballo para que A Estrada sexa un lugar mais igualitario, onde todos e todas poidamos vivir en igualdade.

**JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS**

Alcalde do Excmo. Concello da Estrada

# PRESENTACIÓN. Concellería de Igualdade

Os avances producidos en materia de igualdade nos últimos anos son innegables e o Concello da Estrada e a Área de Igualdade vén contribuíndo a este labor a través de diferentes políticas municipais dirixidas a eliminar as fendas de xénero, así como a promover a visibilización e recoñecemento das mulleres como suxeitos activos da poboación local. Seguimos co firme compromiso de continuar avanzando neste camiño, o que supón continuar planificando accións que dean continuidade ao traballo previo.

Este V Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero é de toda e para toda a cidadanía estradense. De maneira transversal e integral pretende seguir derrubando as barreiras que aínda a día de hoxe continúan obstaculizando a igualdade plena.

Trátase dun plan que atende ás necesidades e características sociais, culturais e económicas deste Concello e que conta cuns obxectivos claros e unhas medidas deseñadas para reforzar, coordinar e intensificar a promoción da igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero no ámbito municipal.

Os resultados obtidos a través da consulta participativa a axentes sociais da contorna, axudáronnos a deseñar un Plan máis próximo a sociedade e que atende as súas demandas específicas.

Desde a Concellería de Igualdade, depositamos a nosa esperanza neste documento, que é unha guía para os vindeiros cinco anos en materia de igualdade e que diferencia cinco áreas prioritarias de intervención: 1) abordaxe integral da violencia de xénero, 2) educación en igualdade, 3) participación social, apoderamento e benestar, 4) emprego, conciliación e corresponsabilidade e 5) transversalidade de xénero na administración local.

Queda a disposición de toda a poboación estradense este documento coa nosa esperanza e coa de todas as persoas implicadas na súa redacción, de que sexa un documento "faro" que nos guíe para achegarnos á consecución da igualdade real e efectiva no Concello da Estrada.

**Concellería de Igualdade**

# METODOLOXÍA

# METODOLOXÍA

A metodoloxía describe os procedementos que se utilizaron no proceso de elaboración do V Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero do Concello da Estrada. Neste apartado descríbese o proceso metodolóxico seguido para a elaboración deste plan:

## Fase inicial

Na fase inicial realizáronse varias xuntanzas co persoal técnico do Centro de Información ás Mulleres (CIM), co obxectivo de definir e establecer a metodoloxía de traballo e consensuar a planificación temporal da elaboración do V Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero.

## Fase diagnóstica

A elaboración dun plan de igualdade precisa dun diagnóstico previo da situación que mostre o coñecemento da realidade e do contexto no que se pretende actuar. A primeira fase deste proceso, consistiu nun diagnóstico previo da situación sociodemográfica do concello en distintos ámbitos. Para iso, realizouse unha análise dos principais datos sociodemográficos do Concello da Estrada dispoñible en fontes como o IGE, INE, Consello Xeral do Poder Xudicial;  así como outros datos facilitados pola institución municipal.

Na fase diagnóstica foi fundamental a avaliación do IV Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero 2019-2022 para detectar o grado de execución, os puntos débiles e fortes e as posibles melloras de cara a elaboración do V Plan.

Ademais, realizáronse entrevistas co persoal técnico responsable das áreas municipais asociadas a ámbitos prioritarios de actuación como Deportes, Cultura, Servizos Sociais, Sanidade, Emprego etc.

Por último, e co obxectivo de aportar outros datos cualitativos que puideran completar este primeiro diagnóstico, realizouse un proceso participativo no que entidades e asociacións da contorna valoraron as necesidades e posibles accións a incluír neste novo Plan. Para iso, deseñouse unha enquisa a través de *google forms* que foi enviada ás principais entidades e asociacións estradenses (asociacións de mulleres, centro de saúde, asociacións xuvenís, deportivas e culturais, asociacións de comerciantes, hostalaría etc.).

Co obxectivo de recoller información máis precisa, deseñouse outro modelo de enquisa participativa orientada aos diferentes centros educativos do Concello da Estrada.

### Fase de redacción, consenso e aprobación.

A partir dos resultados obtidos na fase diagnóstica deseñáronse os principais eidos de intervención, obxectivos xerais e específicas. Unha vez consensuada esta estrutura, comezáronse a deseñar as propostas. Durante o proceso de redacción, continuáronse realizando encontros co persoal técnico do Concello para axustar as medidas á realidade da contorna deste Concello.

Unha vez finalizada a redacción do plan, tendo en conta as diferentes achegas dos departamentos, foi aprobado por Decreto de Alcaldía para a posterior publicación e difusión.

# PRINCIPIOS INSPIRADORES

# PRINCIPIOS INSPIRADORES

O V Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero do Concello da Estrada consta duns principios reitores e inspiradores froito do compromiso deste Concello pola igualdade, a experiencia acumulada e a normativa vixente. Os principios polos que se guiará este plan son os seguintes:

## IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As administracións públicas deben adoptar as medidas oportunas para garantir o exercicio efectivo por parte de mulleres e homes, en condicións de igualdade, dos dereitos políticos, civís, económicos, sociais e culturais en virtude do artigo 9.2 da Constitución. A igualdade xurídica ten que manifestarse en todas as esferas e deben levarase a cabo medidas co obxectivo de corrixir os desequilibrios existentes e que imposibilitan a consecución da igualdade real.

## RESPECTO Á DIVERSIDADE

Coñecer a diversidade das mulleres da nosa contorna permite deseñar medidas e actuacións concretas para favorecer a súa inclusión e o seu benestar integral. Ademais, neste plan tamén se garante o respecto á diversidade funcional, á afectivo-sexual, de xénero, de idade, etnia etc.

## TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO

O *mainstreaming* de xénero ou a tranvsersalidade consiste en incorporar a perspectiva de xénero nos diversos sectores que interveñen nas políticas públicas. Trátase dunha estratexia eficaz para o avance e a consecución da igualdade entre mulleres e homes nas políticas públicas

## SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN DA POBOACIÓN

Para avanzar dun xeito contundente e efectivo na igualdade de xénero, precísase da implicación activa de toda a poboación. Para iso, é fundamental tomar conciencia das desigualdades de xénero que perduran na nosa sociedade e nos diferentes ámbitos da nosa vida. É fundamental que a Administración promova iniciativas, pero tamén que conte co compromiso da sociedade na que pretende incidir.

## COOPERACIÓN INSTITUCIONAL E INTERDEPARTAMENTAL

Para un correcto desenvolvemento deste plan é precisa a colaboración e implicación de todos os departamentos municipais. Ademais, as políticas de igualdade deben estar apoiadas polo conxunto dos grupos políticos da Corporación.

Por unha banda, a transversalidade de xénero implica a todas as áreas municipais na súa execución e pola outra, supón o intercambio de información e a colaboración

interdepartamental. Permitindo así un mellor desenvolvemento das políticas públicas e unha adecuada aplicación das medidas, usando máis eficiente dos recursos públicos dos que se dispón.

# AVALIACIÓN DO IV PLAN MUNICIPAL

# AVALIACIÓN DO IV PLAN MUNICIPAL

Co fin de erradicar a violencia machista en todas as súas formas e lograr unha igualdade real de xénero, o Concello da Estrada aprobou en 2019 o IV Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero cunha vixencia cuadrienal, abarcando os anos 2019-2022.

No ano 2021, cando se cumpriron dous anos da súa posta en marcha, o Centro de Información ás Mulleres da Estrada, procedeu a realizar unha avaliación intermedia comprendendo as actuacións do período 2019-2020. Esta ferramenta, que non fora prevista na elaboración do plan, axudou a identificar en que áreas existían maiores carencias e a coñecer que as motivaba. É importante destacar que durante o período de vixencia deste IV Plan tivo lugar a crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19, que alterou a consecución de parte das medidas do Plan ao verse alterada de maneira moi notable a realización de formacións, obradoiros, encontros etc.

Na avaliación final do plan preténdese corroborar o seguimento e alcance que tivo o plan en canto aos obxectivos establecidos nos diferentes eidos de intervención. No IV diferenciábanse as seguintes áreas:

| Eidos de Intervención | Medidas |
|---|---|
| Eido 1. Prevención e Erradicación da Violencia de Xénero | 10 |
| Eido 2. Educando en Igualdade | 8 |
| Eido 3. Emprego, Conciliación e Corresponsabilidade | 11 |
| Eido 4. Empoderamento e Benestar Social | 6 |
| Eido 5. Concienciación Municipal | 8 |
| Total | 43 |

A continuación, expone n que medida se cumpriron os obxectivos establecidos no plan, as actuacións e o seu impacto.

Realizouse un diagnóstico inicial, do deseño do plan, das medidas de actuación e dos resultados.

Co fin de levar a cabo a avaliación de procesos correctamente, utilizáronse as seguintes ferramentas:

- Fichas de actividades do CIM nas que se recolle información dos labores realizados.
- Memorias anuais do CIM correspondentes aos anos de vixencia do Plan.
- Entrevistas realizadas a axentes sociais vinculadas ao plan como centros educativos, asociacións etc durante os anos que o plan estivo vixente.
- Publicacións relacionadas co Plan na páxina *web*, redes sociais ou medios de comunicación locais.
- Avaliación intermedia do IV Plan Municipal de Igualdade e Prevencion da violencia de xénero realizada no ano 2021.

Cada área de de intervención contaba con varias actuacións na súa liña, sumando un total de 43 medidas de actuación acordes aos eidos de intervención establecidos.

Tras a avaliación de procesos, obtivéronse os seguintes resultados en canto ao grao de execución:

- Executadas: 22 (51%)
- Parcialmente executadas: 9 (21%)
- Non executadas: 12 (28%)

| Eidos | Obxectivos | % executadas | % parcialmente excutadas | % non executadas |
|---|---|---|---|---|
| EIDO 1 | Loitar pola erradicación integral da violencia machista a través da sensibilización, da educación e da protección ás vítimas | 80 % | | 20 % |
| EIDO 2 | Promover valores e actitudes baseados na igualdade e no rexeitamento da violencia e dos comportamentos machistas | 38 % | 13 % | 50 % |
| EIDO 3 | Favorecer ó acceso das mulleres ao mercado laboral en igualdade de condicións, facilitando a formación e a conciliación dos tempos. | 45 % | 18 % | 36 % |
| EIDO 4 | Fomentar o empoderamento e a participación social das mulleres, e mellorar o benestar da poboación da Estrada | 50 % | 17 % | 36 % |



Por tanto, pódese concluír que máis da metade das medidas foron alcanzadas (51%), mentres que máis dun cuarto non se conseguiron realizar (28%). Con todo, 9 das medidas foron parcialmente executadas, o que nos indica que hai actuacións que van encamiñadas á consecución dos obxectivos, pero non chegan a completalos. En consecuencia, débese seguir traballando por alcanzar o cumprimento de todas as actuacións de cara ao novo plan.

Cabe destacar, que en ningunha área se alcanzaron todos os obxectivos expostos, sendo o primeiro eido de actuación (prevención e erradicación da violencia de xénero) o que máis se aproxima a completar os obxectivos, cun 80% das medidas executadas e é no segundo eido (educando en igualdade) no que menos medidas executadas podemos atopar.

É importante sinalar que o campo de actuación 5 (concienciación municipal) é o único no que todas as medidas foron executadas ou parcialmente executadas. Cabe resaltar, que estas porcentaxes indican un alto grao de integración da perspectiva de xénero no municipio, o cal corresponde co gran interese da poboación estradense por acabar coa violencia machista.

Con todo, hai que volver lembrar o contexto no que se desenvolveu o IV Plan de Igualdade Municipal e de Prevención da Violencia de Xénero. No ano 2019 estalou a crise sanitaria provocada polo COVID-19, a cal se alongou ata 2022 (e en ocasións, segue repercutindo na actualidade), afectando enormemente as formas de interacción social. Esta situación foi inesperada e inevitable, pero impactou directamente de forma moi negativa no desenvolvemento do plan de igualdade, dado que as actuacións maioritariamente requiren de interacción social. Igualmente, é moi probable que cando a incidencia de casos no municipio era alta, a participación das persoas en actividades propostas polas entidades municipais baixase.

# MARCO NORMATIVO

# MARCO NORMATIVO

O contexto legal en materia de igualdade entre mulleres e homes dispón actualmente dunha diversidade normativa tanto no ámbito internacional como europeo, estatal, autonómico e local.

Esta normativa constitúe o marco referencial do presente plan. A continuación preséntanse, de xeito esquemático, as principais normativas no campo da igualdade de xénero:

**Ámbito internacional**

| **1945** | **Asemblea xeral da ONU que recolle na súa carta fundacional os dereitos humanos fundamentais e a igualdade de dereitos de homes e mulleres.** |
|---|---|
| **1948** | Declaración Universal dos Dereitos Humanos. |
| **1952** | Declaración sobre os dereitos políticos das mulleres de 1952. |
| **1967** | Declaración sobre as Discriminacións contra as Mulleres. |
| **1975** | Ano Internacional da Muller. |
| **1979** | Asemblea Xeral da ONU, aprobou a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller. |
| **1981** | Entrada en vigor da CEDAW – asegurar o pleno desenvolvemento e adianto da muller. |
| **1993** | Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. |
| **1995** | IV Conferencia Mundial sobre as mulleres de Beijing no ano 1995. |
| **1999** | Documento facultativo á Convención sobre a eliminación de todas as discriminacións contra a muller. |
| **2002** | Organización Mundial da Saúde: Informe Mundial sobre Violencia e saúde. |
| **2005** | Documento final do Cumio Mundial de 2005 das Nacións Unidas. |

**Ámbito Europeo**

| **1957** | **Tratado de Roma – recoñecemento da igualdade de retribución** |
|---|---|
| **1961** | Carta Social Europea (ratificada en España en 1980) |
| **1977** | Tratado de Ámsterdam – Igual retribución por traballos de igual valor |
| **2000** | Carta dos dereitos fundamentais da UE |
| **2002** | Proxecto de tratado constitucional da UE – combater a discriminación e fomento da igualdade |
| **2000** | Resolución do Consello e dos ministros de traballo e asuntos sociais- participación equilibrada de homes e mulleres na vida profesional e familiar (2000/C218/02) |
| **2000** | Directiva 2000/78 CE do Consello: relativa ao establecemento dun marco xeral para a Igualdade de trato no emprego e na ocupación |
| **2000** | Recomendación 96/694 da Comisión sobre a participación equilibrada de mulleres e homes no proceso de toma de decisións. |

| | |
|---|---|
| **2002** | Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso ao emprego, formación, promocións profesional e condicións de traballo |
| **2003** | Resolución do consello de 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular mulleres (2003/c260/03) |
| **2003** | Resolución do Consello do 27 de novembro de 2004 sobre acceso e participación igualitaria de homes e mulleres na sociedade do coñecemento para o crecemento e a innovación (2003/c317/03). |
| **2004** | Regulamento CE nº29/2004 da comisión de 8 de xaneiro do 2004, polo que se adoitan as especificacións relativas á compaxinación da vida profesional e a vida familiar previsto polo Regulamento CE nº 577/98 do Consello. |
| **2005** | Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e a Comité das Rexións, sobre a igualdade entre Mulleres e homes 2005. |
| **2006** | Plan de traballo para a igualdade entre homes e mulleres |
| **2006** | Pacto Europeo pola igualdade de xénero |
| **2006** | Creación do Instituto Europeo da Igualdade de xénero |
| **2007** | Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre a Igualdade entre Homes e Mulleres. |
| **2011** | Segundo Pacto Europeo pola Igualdade de xénero (2011-2022) |
| **2016** | Estratexia europea para a Equidade de Xénero (2016-2019) |
| **2021** | Plan de acción para a igualdade de xénero e o apoderamento das mulleres na acción exterior 2021-2025 da Unión Europea. |

**Ámbito estatal**

| 1978 | Constitución Española |
|---|---|
| **1980** | Estatuto dos/as traballadores/as |
| **1983** | Creación do Instituto da Muller |
| **1999** | Lei 39/1999, do 5 de novembro, para a promoción da conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras. |
| **2000** | Real decreto 1686/2000, do 6 de outubro, polo que se crea crea o Observatorio Da Igualdade de Oportunidades ente mulleres e homes. |
| **2001** | Real decreto 1251/2001, do 16 de novembro, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema e Seguridade Social por maternidade e risco durante o embarazo |
| **2003** | Lei 27/2003, do 31 de marzo, regulaDora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica. |
| **2003** | Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. |

| | |
|---|---|
| **2004** | **Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero** |
| **2007** | Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes |
| **2008** | Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2008-2011 |
| **2010** | Lei orgánica 2/2020 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo |
| **2015** | Lei orgánica 11/2025, do 21 de setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo |
| **2018** | Real decreto 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. |
| **2019** | Real decreto 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación |
| **2020** | Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes. |
| **2020** | Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e depósito. |
| **2020** | Real decreto-lei 12/2020, do 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia a vítimas de violencia de xénero. |
| **2020** | Orde IGD/577/2020, do 24 de xuño, polo que se crea o Consello de Participación das persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais (LGTBI) e se regula o seu funcionamento. |
| **2022** | Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual |

**Ámbito autonómico**

| **1981** | **Estatuto de Autonomía de Galicia** |
|---|---|
| **2004** | Lei 4/2004 do 16 de Xullo para a igualdade de oportunidades de homes e mulleres |
| **2004** | Decreto 182/2004 do 22 de xullo que regula os centros de información á mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento |
| **2007** | Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. |
| **2007** | Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero |
| **2008** | Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. |
| **2010** | Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada. |

| | |
|---|---|
| **2012** | Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación. |
| **2014** | Decreto 1/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. |
| **2015** | Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. |
| **2016** | Lei 12/2016 de 22 de xullo, a través da cal se modifican os artigos 3 e 29, e a disposición adicional carta, engadindo outras disposicións da lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia. |
| **2016** | Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento. |
| **2021** | Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. |

**Ámbito local**

| **1985** | **Lei Reguladora de bases de réxime local** |
|---|---|
| **1997** | Lei 5/1997 do 22 de xullo da administración local de Galicia |
| **2006** | Consorcio Galego de Servizos Sociais de Igualdade e Benestar (Resolución do 4 de xullo de 2006 – D.O.G 7/07/06) |
| **2006** | I Plan de Igualdade do Concello da Estrada (2006-2008) |
| **2009** | II Plan de Igualdade do Concello da Estrada (2009-2011) + Prórroga (2012-2014) |
| **2015** | III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (2015-2018) |
| **2019** | IV Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero (2019-2022) |

# DIAGNOSE

# DIAGNOSE

## DIAGNOSE SOCIODEMOGRÁFICA

Co obxectivo de contextualizar desde un punto de vista poboacional este V Plan de Igualdade e de prevención da violencia de xénero, a continuación, preséntase unha análise das principais características sociodemográficas da poboación da Estrada.

### DATOS DEMOGRÁFICOS

O Concello da Estrada sitúase na provincia de Pontevedra e na comarca de Tabeirós – Terra de Montes. Ocupa unha superficie total de 288km2. Segundo os datos do ano 2022 do padrón municipal, a poboación total estradense é de 20.106 persoas, das que 9.680 son homes e 10.427 mulleres. O dato que relaciona directamente a poboación e o territorio é a densidade[1]. O seguinte gráfico amosa este indicador en relación aos territorios de referencia (comarca, provincia e comunidade).

*Gráfico 1 Densidade de poboación (Ano 2022)*




*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE*

A densidade de poboación na Estrada está por debaixo da media da provincia e de Galicia, como se pode observar no gráfico 1. A poboación estradense está distribuída en 51 parroquias: A Estrada, Agar, Aguións, Ancorados, Arca, Arnois, Baloira, Barbude, Barcala, Berres, Callobre, Castro, Cereixo, Codeseda, Cora, Couso, Curantes, Frades, Guimarei, Lagartóns, Lamas, Liripio, Loimil, Matalobos, Moreira, Nigoi, Oca, Olives, Orazo,

[1] A densidade é a relación entre o número de habitantes que viven nun territorio e a súa extensión.

Ouzando, Parada, Paradela, Pardemarín, Remesar, Riobó, Ribeira, Ribela, Rubín, Sabucedo, San Xuxo de Vea, San Xulían de Vea, Santa Cristina de Vea, Santa Mariña de Barcala, Santeles, Santó Tomás de Ancorados, A Somoza, Souto, Tabeirós, Toedo, Vea e Vinseiro.

A Estrada perde poboación de maneira continuada desde o ano 2012, tal e como se pode apreciar na gráfica 2. Nos últimos 10 anos, A Estrada perdeu 1551 habitantes.

*Gráfico 2 Evolución da poboación estradense do ano 2012 ao 2022*




*Fonte: IGE (Padrón Municipal de Habitantes)*

O crecemento natural da poboación no municipio de A Estrada, atendendo aos datos publicados polo INE para o ano 2021, foi negativo, con 164 defuncións máis que nacementos. Esta é unha tendencia que se repite nos últimos 10 anos.

*Táboa 1 Datos sociodemográficos Concello da Estrada (2011-2021)*

| ANO | NACEMENTOS | DEFUNCIÓNS | SALDO VEXETATIVO | Taxa bruta de mortalidade | MATRIMONIOS |
|---|---|---|---|---|---|
| **2021** | 103 | 267 | -164 | 13.32 | 61 |
| **2020** | 116 | 251 | -135 | 12.45 | 46 |
| **2019** | 118 | 293 | -175 | 14.45 | 51 |
| **2018** | 106 | 281 | -175 | 13.74 | 73 |
| **2017** | 140 | 255 | -115 | 12.40 | 51 |
| **2016** | 112 | 287 | -175 | 13.88 | 65 |
| **2015** | 162 | 279 | -117 | 13.37 | 63 |
| **2014** | 134 | 257 | -123 | 12.22 | 55 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **2013** | 142 | 262 | -120 | 12.32 | 55 |
| **2012** | 172 | 283 | -111 | 13.15 | 73 |
| **2011** | 186 | 265 | -79 | 12.24 | 58 |

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE*

*Gráfico 3 Evolución do saldo vexetativo*




*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE*

Tendo en conta os datos analizados na táboa 1, cómpre analizar o saldo vexetativo deste concello. O saldo vexetativo do Concello da Estrada é lixeiramente superior ao da comunidade Galega. O saldo vexetativo é a diferencia entre nacementos e defuncións ocorridos nun territorio durante un tempo definido.

O número de matrimonios outorgados no último ano rexistrado (2021) é de 61. Obsérvase unha tendencia irregular en canto a este tipo de actos, cunha baixada considerable durante o ano 2020, probablemente derivada das limitacións froito da crise sanitaria da COVID-19. Con respecto aos datos de fecundidade, obsérvase unha taxa bruta de 5.14 nacementos por cada 1000 habitantes. Este é un dato lixeiramente inferior a taxa de fecundidade no ámbito autonómico.

Táboa 2 Indicadores de fecundidade

| **Taxa bruta de natalidade** | | **Taxa xeral de fecundidade** | | **Idade media á maternidade** | | **Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo ou filla** | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Estrada** | Galicia | A Estrada | Galicia | A Estrada | Galicia | A Estrada | Galicia |
| **5.14** | 5.49 | 26.89 | 27.43 | 33.11 | 33.19 | 32.50 | 32.41 |
| **Índice sintético de fecundidade** | | % nacementos de nai non casada | | Relación de masculinidade ao nacemento | | Taxa bruta de reprodución | |
| **A Estrada** | Galicia | A Estrada | Galicia | A Estrada | Galicia | A Estrada | Galicia |
| **0.99** | 1.01 | 39.81 | 50.77 | 128.89 | 105.15 | 0.43 | 0.49 |

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE*

Taxa bruta de natalidade: *é a relación entre o número de nacementos observados no ano 2021 e a poboación media do ano.*
Taxa xeral de fecundidade: *é o número de nacementos vivos por cada grupo de 1000 mulleres entre as idades de 15 a 49 anos durante o ano 2021.*
Índice sintético de fecundidade: *mide o nivel de fecundidade expresado en fillos/as por muller.*
*Relación de masculinidade ao nacemento: total de nacementos de nenos pro cada cen nacementos de nenas no Concello da Estrada durante o ano 2021.*
Taxa bruta de reprodución: *é unha media para estimar o número promedio de fillas que tería unha muller durante a súa vida reprodutiva se estivera exposta as mesmas taxas de fertilidade observadsa durante o ano 2021.*

Un dato complementario á taxa bruta de natalidade é a idade media á hora de ter descendencia. A media estradense é similar a autonómica (arredor dos 33 anos). O incremento desta idade media pode estar debido ás dificultades atopadas para acadar unha estabilidade económica e aos problemas de conciliación e de corresponsabilidade, entre outros factores.

O avellentamento da poboación afecta directamente ao índice de dependencia, que mide a proporción de poboación que depende economicamente da poboación en idade activa. Unha das preocupacións que xorde a raíz do envellecemento da poboación é o incremento da poboación en idade especialmente dependente, o coñecido como “índice de dependencia senil”, que se atopa no 47,41% (un 54,98% no caso da mulleres e un 39,90% nos homes).

*Táboa 3 Indicadores de poboación*

| INDICADORES DE POBOACIÓN | TOTAIS | | MULLERES | | HOMES | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A ESTRADA | GALICIA | A ESTRADA | GALICIA | A ESTRADA | GALICIA |
| **% de poboación menor de 20 anos** | 14.6% | 15.6% | 13.36% | 14.57% | 15.94% | 16.69% |
| **% de poboación entre 20 e 64 anos** | 56.69% | 58.32% | 54.61% | 56.70% | 58.83% | 60.03% |
| **% de poboación de 65 e máis anos** | 28.71% | 26.08% | 32.01% | 28.71% | 25.21% | 23.27% |
| **Índice de envellecemento** | 196.73% | 167.26% | 239.63% | 196.99% | 158.03% | 139,43% |
| **Índice de sobreenvellecemento %** | 20.04% | 19.97% | 25.43% | 23.08% | 17.41% | 15.84% |
| **Índice de dependencia global %** | 65.00% | 59.84% | 71.73% | 64.78% | 58.32% | 54.88% |
| **Índice de dependencia senil** | 47.41% | 41.70% | 54.98% | 47.30% | 39.90% | 36.04% |

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.*

Índice de envellecemento*: relaciona o número de persoas maiores de 64 anos cos menores de 20 anos. É o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.*
Índice de sobreenvellecemento: *é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64. É dicir, o número de persoas de 85 anos ou máis por cada 100 de 65 ou máis anos.*
Índice de dependencia global: *é a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependente (menor de 15 anos e maior de 64) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (entre 15 e 64 anos).*
Índice de dependencia senil:*é a relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (15-64 anos).*

Todos os datos mencionados neste apartado visualízanse na pirámide da poboación, que é a representación da estrutura dunha poboación por sexo e grupos de idade a través dunha gráfica en diagrama de barras.

A pirámide poboacional do Concello da Estrada é de tipo regresiva ou invertida, coa base máis estreita que os chanzos centrais. Este tipo de pirámide é típica dos países desenvolvidos. O groso da poboación concéntrase entre os 40 e os 55 anos. No caso das mulleres, a maior porcentaxe concéntranse nos 85 anos ou máis. A media de idade das persoas estradenses é de 48,81 anos.

O peso das mulleres é moi superior, concretamente, por riba dos 85 anos. Nesta franxa de idade o número de mulleres supón case o dobre que o de homes. A poboación máis lonxeva é principalmente a feminina.

*Gráfico 4 Pirámide da poboación do Concello da Estrada % (2022)*




*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.*

Segundo os datos do INE procedentes do padrón municipal de 2022, o 71,53% das persoas empadroadas no Concello da Estrada naceron neste municipio. O 20,94% son persoas que emigraron á Estrada desde diferentes lugares de España, o 9,48% doutros municipios da provincia de Pontevedra, o 8,27% doutras provincias da comunidade de Galicia, o 3,19% doutras comunidades autónomas e o 7,53% emigraron á Estrada desde outros países.

*Gráfico 5 Poboación estradense por lugar de nacemento*




*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE*

Atendendo aos datos ofrecidos polo INE e na estatística do Padrón Municipal, o número de persoas empadroadas na Estrada e que naceron noutros países ascende a 1.514. Destas, o 51,8% proceden de continente americano.

*Táboa 4 Lugares de procedencia das persoas nacidas noutros países no Concello da Estrada*

| Lugar | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| **América** | 437 | 347 | 784 |
| **África** | 48 | 65 | 113 |
| **Asia** | 7 | 11 | 18 |
| **Oceanía** | 1 | 1 | 2 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE*

O movemento natural da poboación explica a recesión demográfica do Concello. Así e todo, unha boa parte desta perda poboacional ven explicada polo saldo migratorio negativo desde os anos 2011-2013. Nos últimos anos, este saldo negativo estase a recuperar con valores positivos, especialmente nos anos 2020 e 2021.

*Gráfico 6 Evolución do saldo vexetativo. A Estrada (2011-2021)*




*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE*

## MERCADO LABORAL

Neste apartado, achegámonos aos datos do marco produtivo, contratación e desemprego. Na táboa 5, amósanse as afiliacións á Seguridade Social en febreiro de 2023 segundo os sectores produtivos.

O número de persoas autónomas na Estrada ascende a 1683. Un dato complementario a isto e que resulta de interese é o de persoas que solicitaron as axudas municipais á creación de empresas.  Na última convocatoria houbo 36 solicitudes, 21 delas realizadas por mulleres.

*Táboa 5 Persoas afiliadas á SS no Concello da Estrada (2023)*

| Febreiro 2023 | Total afiliados/as | Variación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Mensual | | Anual | |
| | | Absoluta | Relativa | Absoluta | Relativa |
| **Total** | 5439 | +77 | 1.44% | +5 | 0.09% |
| **REGIMEN:** | | | | | |
| **GENERAL** | 3571 | +68 | 1.94% | +80 | 2.29% |
| **AUTÓNOMOS** | 1683 | +3 | 0.18% | -60 | -3.44% |
| **AGRARIO** | 42 | +4 | 10.53% | -3 | -6.67% |
| **FOGAR** | 143 | +2 | -1.42% | -11 | -7.14% |
| **MAR** | 0 | 0 | 0% | 0 | 0% |
| **CARBÓN** | 0 | 0 | 0% | 0 | 0% |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE*

Atendendo ao tipo de contrato, o máis habitual é o eventual por circunstancia da produción, seguido do contrato indefinido. Ademais, obsérvase un peso maioritario do sector servizos, no que se rexistran o 78.94% dos contrato.

*Gráfico 7 Tipo de contratos A Estrada (2023)*




*FONTE: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

*Gráfico 8 Contratos por sector A Estrada ( 2023)*




*FONTE: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

Segundo os datos publicados polo SEPE no mes de marzo de 2023, o número de persoas en paro na Estrada era de 884, dos que 360 son homes e 524 mulleres. Como podemos observar, o paro afecta de maneira máis notable ás mulleres, sendo o 59,28% das persoas nesta situación.

*Táboa 6 Paro rexistrado no Concello da Estrada (marzo 2023)*

| MARZO 2023 | TOTAL | HOMES | MULLERES |
|---|---|---|---|
| **TOTAL** | 884 | 360 | 524 |
| **MENORES DE 25** | 38 | 21 | 17 |
| **ENTRE 25 E 44 ANOS** | 314 | 128 | 186 |
| **MAIORES DE 45** | 532 | 211 | 321 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.*

Rexístranse 532 persoas maiores de 45 anos, o grupo máis afectado polo paro, sendo 321 mulleres e 211 homes. O seguinte dato máis alto é o correspondente ás persoas entre 35 e 44 anos, onde se rexistran 314 persoas paradas. De novo, o número de mulleres nesta situación é maior. O paro xuvenil (menores de 35 anos) é o máis baixo e neste caso rexístranse menos mulleres que homes.

A evolución dos datos do paro nos últimos sete anos é descendente, seguindo a tendencia xeral rexistrada na comunidade autónoma e que se observa no gráfico 9.

*Gráfico 9 Evolución do % de paro rexistrado (2016-2020)*




*FONTE: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

Ademais, neste apartado cómpre analizar os datos do Concello da Estrada en relación ao número de pensionistas da Seguridade Social. A relación de homes e mulleres mantense estable ao redor do 51% homes – 49% mulleres.

*Táboa 7 Comparativa nº de pensionistas da Seguridade Social segundo sexo. A Estrada (2011-2021)*




*FONTE: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

A continuación, analizamos o promedio da pensións que percibe este grupo, comparándoo coa media provincial:

*Táboa 8 Comparativa Importe Medio Pensións por sexo. A Estrada- Provincia (2011-2021)*

| | Ano 2011 | | | Ano 2021 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Mulleres** | **Homes** | **Total** | **Mulleres** | **Homes** | **Total** |
| **A Estrada** | 606,12€ | 719,09€ | 656,74€ | 743,82€ | 944,33€ | 838,74€ |
| **Pontevedra** | 677,35€ | 960,38€ | 817,96€ | 890,81€ | 1.206,83€ | 1.048,82€ |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Analizando os datos da táboa anterior, podemos afirmar que o importe medio das pensións é sempre menor para as mulleres que para os homes, nos territorios e marco temporal analizado. Así mesmo, o importe medio das pensións para o Concello da Estrada é inferior que o mesmo dato referido á provincia de Pontevedra, tanto para homes como para mulleres, arredor dun 20% menos. Atendendo á media por sexos, os homes pensionistas estradenses perciben un 21.75% menos que a media pontevedresa, fronte ao 16.5% menos no caso das mulleres.

Unha cuestión importante a analizar con perspectiva de xénero é o número de persoas perceptoras de pensións non contributivas (NPC). Estas son prestacións económicas da Seguridade Social que se recoñecen ás persoas que atopándose en situación de necesidade protexible, carecen de recursos suficientes para a súa subsistencia, aínda cando nunca cotizaran ou non o fixeran durante un tempo suficiente. A continuación, móstranse eses datos (comparando o último rexistro do 2021 co do ano 2011):

*Táboa 9 Persoas perceptoras de prestacións non contributivas (Comparativa por sexo e anos 2011-2021)*

| | Total | | | Homes | | | Mulleres | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Total** | **Invalidez** | **Xubilación** | **Total** | **Invalidez** | **Xubilación** | **Total** | **Invalidez** | **Xubilación** |
| **2011** | 437 | 149 | 288 | 157 | 64 | 93 | 338 | 105 | 233 |
| **2021** | 307 | 101 | 206 | 101 | 49 | 52 | 206 | 52 | 154 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE*

A táboa 9, amosa unha relación relativamente equilibrada nas PNCs por invalidez, pero as NPCs de xubilación, de forma maioritaria e ao longo dos anos, son percibidas por mulleres.

## ECONOMÍA E DESIGUALDADE

Segundo os datos rexistrados no IGE no ano 2020, a media da renda por unidade de consumo é de 16.573 euros anuais e a renda neta media por persoa de 11.002 euros.

Tendo en conta estas medias, resulta importante valorar o porcentaxe de poboación con ingresos por unidade de consumo (calcúlase dividindo os ingresos totais do fogar entre as persoas que o compoñen) menor a 5.000 e a 7.500 euros. Estes datos achegan a

porcentaxe de poboación en risco de exclusión social. A continuación, preséntanse estes datos desagregados por sexo e por grupos de idade:

*Táboa 10 % de poboación con ingresos por unidade de consumo por debaixo de 5.000€*




| | Menores de 18 anos | De 18 a 64 anos | De 65 anos e máis |
|---|---|---|---|
| Total | 5,3 | 5,3 | 5,74 |
| Homes | 4,7 | 4,5 | 5 |
| Mulleres | 2,5 | 2 | 2,8 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE*

*Táboa 11 % de poboación con ingresos por unidade de consumo por debaixo de 7.500€*




| | Menores de 18 anos | De 18 a 64 anos | De 65 anos e máis |
|---|---|---|---|
| Total | 12,5 | 12,7 | 12,4 |
| Homes | 10,7 | 10,3 | 11,1 |
| Mulleres | 7,1 | 6 | 7,8 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE*

Atendendo ao risco de exclusión social, un dato a ter en conta é o número de persoas beneficiarias da renda social de Galicia (Risga) e da axuda de inclusión social (AIS) no municipio. A Risga é unha axuda destinada a persoas en risco de exclusión social que ofrece unha axuda económica pública para garantir recursos económicos de subsistencia a aquelas persoas que carecen deles. Está destinada a persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión e nas que se verifica a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como outros factores de exclusión (cargas familiares non compartidas, rehabilitación social, vítimas de violencia de xénero, discapacidade, emigración, minoría étnica, prostitución etc). Entre o ano 2011 e o 2021, 452 persoas foron beneficiarias desta axuda (227 homes e 223 mulleres).

*Gráfico 10. Evolución de persoas beneficiarias da RISGA no Concello da Estrada (por sexo e ano 2011-2021)*




| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TOTAL | 22 | 26 | 51 | 37 | 47 | 46 | 56 | 48 | 40 | 45 | 34 |
| HOMES | 11 | 12 | 29 | 18 | 26 | 19 | 29 | 25 | 20 | 23 | 15 |
| MULLERES | 11 | 14 | 22 | 19 | 21 | 27 | 27 | 23 | 20 | 20 | 19 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE*

Existen outras axudas como é AIS (Axudas de Inclusión Social) de carácter puntual e destinada a sufragar gastos extraordinarios e urxentes ante situacións puntuais de grave emerxencia. Entre o ano 2011 e 2021, 173 persoas foron beneficiarias desta axuda (86 homes e 89 mulleres) na Estrada.

*Gráfico 11 Evolución de persoas beneficiarias da AIS no Concello da Estrada (por sexo e ano 2011-2021)*




| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TOTAL | 10 | 33 | 35 | 31 | 9 | 7 | 11 | 12 | 6 | 10 | 9 |
| HOMES | 6 | 17 | 16 | 13 | 7 | 5 | 7 | 5 | 1 | 4 | 5 |
| MULLERES | 4 | 16 | 19 | 18 | 2 | 2 | 4 | 7 | 5 | 6 | 6 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE*

Con respecto ás persoas con discapacidade, na táboa 12 obsérvase como a medida que o grao de discapacidade se incrementa, redúcese o número de persoas discapacitadas de todos os tipos (física, psíquica ou sensorial). A discapacidade máis frecuente é a física, independentemente do sexo.

As porcentaxes de mulleres e homes segundo o grao de discapacidade sempre é superior para as mulleres. Do 33% ao 64% de discapacidade o 54.44% son mulleres e o 45.56% homes. No seguinte grao de discapacidade (do 65% a 74%) o 55% son mulleres e o 45% homes. Por último, no grao de discapacidade do 75% u máis, o 57% son mulleres e o 43% homes.

*Táboa 12 Persoas con discapacidade segundo tipo e grao por sexo. A Estrada (2016)*

| | | Do 33% ao 64% | | | Do 65% ao 75% | | | 75% ou máis | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Total** | **Total** | **Homes** | **Mulleres** | **Total** | **Homes** | **Mulleres** | **Total** | **Homes** | **Mulleres** |
| **Física** | 1550 | 858 | 401 | 457 | 373 | 169 | 204 | 319 | 136 | 183 |
| **Psíquica** | 687 | 257 | 93 | 164 | 228 | 99 | 129 | 202 | 85 | 117 |
| **Sensorial** | 337 | 145 | 80 | 65 | 86 | 41 | 45 | 106 | 49 | 57 |
| | 2574 | 1260 | 574 | 686 | 687 | 309 | 378 | 627 | 270 | 357 |

*FONTE: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

## EDUCACIÓN

Noutra orde de cousas, amósanse a continuación os datos estatísticos dispoñibles para o Concello da Estrada sobre o alumnado matriculado nas etapas educativas de infantil, primaria e secundaria nos centros educativos sostidos con fondos públicos no curso 2021-2022.

No Concello da Estrada hai seis centros de educación infantil e primaria públicos: Colexio de Pérez Viondi, Colexio Público de Figueroa, CEIP Manuel Villar Paramá, CEIP Cabada Vázquez, o CEIP do Foxo, CEIP Plurilingüe de Oca. Tamén. Tamén, hai tres centros que ofertan educación secundaria: IES Manuel García Barros, IES Nº1 da Estrada e o IES Antón Losada Diéguez. O municipio conta cun centro educativo concertado, o CPR Plurilingüe Nosa Señora de Lourdes onde se oferta educación infantil, primaria e secundaria.

A proporción de nenas e nenos en educación infantil e primaria é equilibrada. En educación secundaria, obsérvase un lixeiro desequilibro, cun 44,83% de rapazas fronte ao 55.17% de rapaces.

*Táboa 13 Alumnado matriculado en E. Infantil, E. Primaria e ESO no Concello da Estrada (curso 2021-2022)*

| | TOTAL | HOMES | MULLERES |
|---|---|---|---|
| **EDUCACION INFANTIL** | 379 | 193 | 186 |
| **EDUCACIÓN PRIMAIRA** | 929 | 472 | 457 |
| **EDUCACIÓN SECUNDARIA** | 638 | 352 | 286 |

*FONTE: Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*

## VIOLENCIA DE XÉNERO

Neste apartado recóllese, a partir dos datos obtidos no portal estatístico da "Delegación del Gobierno para la violencia de género" e do "Consello Xeral do Poder Xudicial", a información dos últimos anos referida aos delitos de violencia de xénero.

Á hora de analizar esta información, atopámonos coa dificultade de recompilar datos a nivel municipal. O dato máis próximo é o recollido a partir dos Partidos xudiciais. O Partido xudicial da Estrada é un dos 45 partidos nos que se divide a comunidade autónoma de Galicia. Comprende ao Concello da Estrada e de Forcarei. A Estrada é a cabeza de Partido e aglutina as institucións xudiciais.

En primeiro lugar, achegámonos aos datos xerais do número de mulleres asasinadas a mans dos seus agresores no Estado Español e a Comunidade Autónoma ata o ano 2022.

A gráfica 12, indica que nos últimos 10 anos, foron asasinadas 574 mulleres, 38 delas en Galicia. Estes datos fan referencia a asasinatos de mulleres cando o seu agresor é o cónxuxe, excónxuxe, compañeiro sentimental, excompañeiro sentimental, noivo ou exnoivo. Cómpre sinalar que as estatísticas non recollen ás vítimas de violencia vicaria, nin suicidios, nin outras formas de violencia non integradas dentro do artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero.

*Gráfico 12 Evolución do nº de vítimas mortais por violencia de xénero (2021-2022)*




*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE*

*Táboa 14 Comparativa nº de denuncias por Violencia de Xénero en Galicia e no Partido Xudicial da Estrada (2012-2022)*

| Ano | Galicia | A Estrada |
|---|---|---|
| **2012** | 5419 | 39 |
| **2013** | 5279 | 54 |
| **2014** | 5367 | 51 |
| **2015** | 5472 | 44 |
| **2016** | 6071 | 45 |
| **2017** | 7014 | 22 |
| **2018** | 7010 | 24 |
| **2019** | 7003 | 14 |
| **2020** | 6246 | 23 |
| **2021** | 6097 | 14 |
| **2022** | 6259 | 27 |
| **TOTAL** | 67.237 | 357 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e o Consello Xeral do Poder Xudicial*

Na táboa 14 e na gráfica 13 móstrase unha suba de denuncias no ano 2013, seguida dunha certa estabilidade e unha baixada considerable de denuncias no ano 2017. No estudo dos últimos dez anos, obsérvase certa variabilidade de denuncias, sendo a media por ano de 37.

*Gráfico 13 Evolución do nº de denuncias por violencia de xénero. Partido Xudicial da Estrada (2012-2022)*




*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e o Consello Xeral do Poder Xudicial*

Non podemos coñecer con certeza o número correspondente ao Concello da Estrada tendo en conta o total de denuncias do Partido xudicial. Así é todo, o 84,74% da poboación deste partido xudicial en 2022 corresponde ao concello estradense.

Outra cuestión clave a analizar é a forma de terminación dos procesos de violencia de xénero. As posibles formas de terminación son a sentenza (absoluta ou condenatoria), o sobresemento, a elevación ao órgano competente ou outras.

O sobresemento á súa vez pode ser libre ou provisional. Trátase dun sobresemento libre cando non existen indicios racionais de terse cometido o delito, cando o feito denunciado non é consultivo de delito ou por exención da responsabilidade criminal do denunciado. O sobresemento será provisional cando non resulte xustificada a perpetración do delito ou por non ter autor coñecido e determinado. Outras formas de terminación son o desestimento, renuncia etc.

*Gráfico 14 Evolución na Forma de Terminación. Partido Xudicial A Estrada (2012-2022)*




*FONTE: Elaboración propia a partir de dato do Consello do Poder Xudicial*

No gráfico 14, obsérvase que o sobresemento provisional é a forma máis frecuente de terminación nos asuntos de violencia de xénero no Partido xudicial da Estrada, rematando así polo menos unha de cada dúas denuncias desde 2012, a excepción dos anos 2014, 2021 e 2022 nos que a porcentaxe provisional foi inferior ao 50%. A seguinte forma de terminación do proceso máis común é a sentencia condenatoria e en terceiro lugar a elevación aos órganos competentes.

O Concello da Estrada conta, desde o ano 2003, co CIM (Centro de Información ás Mulleres) onde se presta un servizo de atención psicolóxica, xurídica e orientación sociolaboral. Desde os rexistros do ano 2006 ata decembro de 2022, realizáronse arredor de 4730 intervencións. De media, levánronse a cabo unhas 500 consultas anuais a arredor de 100 mulleres.

Na táboa 15, clasifícanse estas consultas por tipo de intervención:

*Táboa 15 Nº de Asesoramentos no CIM e tipoloxía*

| Tipo de asesoramento | Nº At |
|---|---|
| **1. Asesoramento xurídico** | 2136 |
| **2. Atención psicolóxica** | 1707 |
| **3. Atención a vítimas de V.X** | 588 |

| | |
|---|---|
| **4. Orientación e Emprego** | 108 |
| **5. Información de cursos, xornadas e actividades** | 6 |
| **6. Información de recursos** | 183 |
| **7. Outra información** | 2 |
| **Total** | **4730** |

*FONTE: Servizo do CIM do Concello da Estrada*

## OUTROS DATOS DE INTERESE SOBRE SERVIZOS MUNICIPAIS

### PERSOAL DO CONCELLO

Na táboa que se presenta a continuación recóllese o número de mulleres e homes en cada departamento do Concello da Estrada.

Cabe destacar unha forte diferencia no número de mulleres e homes en tres departamentos.

En primeiro lugar, no Departamento de Seguridade existe un forte desequilibro entre mulleres e homes. O número de homes na Unidade de Policía Local e na Unidade de Protección Civil é moito maior que o de mulleres, 29 fronte a 4.

Tamén se oberva certa diferencia no Departamento de Urbanismo e Obras. Na Unidade de Obras e Servizos Básicos hai 12 homes e 5 mulleres e no Plan de Emprego da Deputación, 15 homes e 4 mulleres.

Por último, outro dos departamentos no que a diferencia na presencia de mulleres e homes é maior é no Departamento de Cultura e Deportes. Esta diferencia xorde na Unidade de Conservatorio Escola de Música e Dinamización Musical, onde hai 14 homes e tan só 2 mulleres.

*Táboa 16 Persoal do Concello por Departamentos*

| DEPARTAMENTO | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|---|---|---|---|
| **GABINETE DE ALCALDÍA** | 4 | 8 | 12 |
| **DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN LOCAL** | 8 | 2 | 10 |
| **DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN** | 4 | 2 | 6 |
| **DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA** | 4 | 1 | 5 |
| **DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE** | 4 | 29 | 33 |
| **DEPARTAMENTO DE URBANISMO E OBRAS** | 12 | 31 | 43 |
| **DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL** | 1 | 9 | 10 |
| **DEPARTAMENTO DE CULTURA E DEPORTES** | 4 | 26 | 30 |
| **DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA** | 1 | 0 | 1 |
| **DEPARTAMENTO DE SANIDADE** | 1 | 0 | 1 |
| | **TOTAIS** | | |
| | 43 | 108 | 151 |

*FONTE: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo Concello da Estrada.*

### SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, PERSOAL E FAMILIAR

No Concello da Estrada existen varios servizos para a mellora da conciliación da vida laboral, persoal e familiar. Algúns deles son:

- O **Espazo concilia** é un espazo dedicado a rapazada comprendida entre os 3 e os 12 anos que as súas nais e/ou pais precisen conciliar a vida familiar e laboral. A finalidade deste espazo é que rapazas e rapaces aprendan ao tempo que ocupan o seu tempo de ocio, sempre acompañados/as por un equipo de profesionais. No ano 2022 participaron neste servizo 25 nenas e 24 nenos.
- O **Concilia nadal** é o espazo de conciliación levado a cabo durante o período vacacional de nadal (do 23 de decembro ao 5 de xaneiro) en horario de mañá. Consiste nunha ampliación de horario e de prazas do Espazo Concilia. No ano 2022, no Concilia nadal participaron 30 nenas e 29 nenos.
- O **Campamento de verán** está impulsado polo departamento de Servizos Sociais, lévase a cabo do 1 de xullo ao 7 de setembro e está orientado á rapazada de 3 a 12 anos. Estes campamentos urbanos lévanse a cabo nos espazos as Escolas do Foxo, Oca, Codeseda, Vea e Pérez Viondi. O total de persoas participantes nos campamentos do ano 2022 é de 192, sendo 90 nenas e 102 nenos.
- O **Campamento no mar** celébrase cada ano en diferentes espazos xuvenís das zonas marítimas de Galicia. No ao 2022 participaron 24 nenas e 28 nenos.
- O **Campus deportivos** é unha actividade dirixida a nenas e nenos de 5 a 15 anos e desenvolvida nas instalacións da zona deportiva do Concello. Estes campamentos, impulsados pola Área de Deportes, desenvólvense de 9:00 a 15:00 horas durante os meses de xullo e agosto. No campus deportivo do ano 2022 participaron 392 persoas, 175 nenas e 217 nenos.

## ÁMBITO POLÍTICO

A actual Corporación municipal, a maio de 2023, está integrada por 21 representantes. Mostra certo predominio masculino, dado que 12 son homes (61,90%) e 9 mulleres (38,10%).

# DIAGNOSE PARTICIPATIVA

Para conseguir un Plan de igualdade máis participativo e achegado á poboación, realizáronse varios procesos consultivos.

Ademais das consultas iniciais co persoal técnico do Concello, deseñáronse uns modelos de enquisa para remitir aos diferentes axentes sociais. A primeira enquisa deseñada *ad hoc* para a elaboración do plan, inclúe unha breve explicación sobre o obxectivo do plan

de igualdade, as instrucións para cumprimentar e unha proposta de medidas (para valorar aquelas que resultaban de maior interese). Ademais, por cada eido de intervención, incorpórase un apartado para cumprimentar con novas propostas, ideas e necesidades.

Esta consulta fíxose sobre o borrador de eidos de intervención, que foron lixeiramente modificados na versión final do plan.

A enquisa foi remitida a diferentes asociacións e entidades do Concello da Estrada como: asociacións culturais, deportivas, asociacións de mulleres rurais, asociacións profesionais, asociacións xuvenís etc.

A pesar da baixa participación neste proceso participativo por parte de axentes sociais, asociacións e entidades, establecéronse algunhas medidas prioritarias en función das valoracións recibidas. Atendendo a cada área de intervención, as medidas máis valoradas foron as que se presentan a continuación:

**ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

- Desenvolver accións para a atención emocional das mulleres en situación de vulnerabilidade
- Manter a coordinación entre o CIM e os Xulgados, o Centro de Saúde, Policía e outros servizos do Concello da Estrada implicados no proceso de atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

**EDUCACIÓN EN IGUALDADE**

- Promover actividades de fomento da igualdade orientadas ao profesorado das diferentes etapas educativas.
- Colaborar co Centro de Saúde do Concello da Estrada para realizar formacións que inclúan a perspectiva de xénero na saúde destinadas a poboación xeral e ao persoal do Centro.

**PARTICIPACIÓN SOCIAL E APODERAMENTO**

- Actualizar na *web* do Concello da Estrada o apartado de asociacións e colectivos.
- Colaborar co Centro de Saúde do Concello da Estrada para a interderivación de usuarias.
- Promover accións culturais que incorporen a óptica de xénero e ás mulleres como protagonistas.

**EMPREGO, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE**

- Fomentar a realización de actividades organizadas polo Concello en horarios que favorezan a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

- Continuar coa colaboración entre o CIM e os programas de emprego do Concello para a mellora da empregabilidade.
- Continuar co Espazo Concilia como medida de fomento da conciliación da vida familiar e laboral.

**TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

- Seguir incrementando o nivel de formación en materia de xénero, especialmente entre o persoal do CIM, de Servizos Sociais, Sanidade, Emprego, Cultura e Deportes.

Tendo en conta a traxectoria do Concello e do CIM no traballo en prol da igualdade nos centros educativos, decidiuse realizar unha enquisa especificamente destinada aos centros escolares do Concello, no que ademais de consultar o grao de adecuación dalgunhas medidas, preguntábase por novas propostas e necesidades detectadas. Esta consulta, tamén aportou información en canto ás prioridades e necesidades dos centros.

Entre as medidas máis valoradas estiveron:

- Promocionar nos centros educativos as diferentes Escolas Deportivas municipais para promover unha práctica deportiva libre de condicionantes e estereotipos de xénero.
- Deseñar actividades formativas sobre a violencia de xénero, condutas sexistas e acoso para o alumnado dos diferentes centros educativos da Estrada.
- Fomentar nas bibliotecas escolares e na biblioteca municipal un espazo sobre igualdade e non violencia.
- Apoiar e colaborar coas ANPAS na realización de talleres dirixidos a nais e pais onde abordar a educación en igualdade, a resolución de conflitos, a detección da violencia de xénero etc.
- Reforzar accións formativas dirixidas á adolescencia e á mocidade sobre relacións afectivas, igualdade e violencias de xénero exercidas a través das redes sociais e internet.

No espazo de propostas abertas, cabe destacar o interese dos centros educativos en seguir traballando coas familias, ao consideralas axentes socializadores que marcan as pautas condutuais dos seus fillos e fillas, por ser o primeiro modelo ao que acceden. Tamén, demandan máis actividades orientadas ao alumnado de educación infantil e primaria a través de contactos, teatro etc.

# ESTRUTURA DO PLAN

# ESTRUTURA DO PLAN

O IV Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero entre mulleres e homes do Concello da Estrada 2022-2026 presenta a seguinte estrutura:

Eido de intervención: obxectivo xeral

↓

Obxectivos específicos

↓

Medidas

Os eidos de intervención son os ámbitos de acción prioritaria para avanzar na consecución da igualdade entre mulleres e homes nos próximos cinco anos de vixencia do plan. Hai un obxectivo xeral en relación con cada eido e que define a meta pretendida.

Os obxectivos específicos constitúen metas máis concretas que permiten a consecución do obxectivo xeral en cada un dos eidos.

As medidas son as propostas concretas de actuación para materializar os obxectivos específicos formulados por cada eido de intervención.

Este Plan organízase nos cinco eidos de intervención prioritaria que se sinalan a continuación:

**EIDO 1: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

**EIDO 2 : EDUCACIÓN EN IGUALDADE**

**EIDO 3: PARTICIPACIÓN SOCIAL, APODERAMENTO E BENESTAR**

**EIDO 4: EMPREGO, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE**

**EIDO 5: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

Seguindo a estrutura do Plan, diferéncianse os seguintes obxectivos xerais e específicos en cada liña de intervención:

| EIDO 1: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO | |
|---|---|
| Avanzar na loita contra a violencia de xénero desde a acción preventiva e a concienciación do conxunto da cidadanía ante todas as formas de violencia contra as mulleres, así como garantir unha asistencia integral e de calidade ás vítimas. | |
| 1.1 | Sensibilizar á sociedade sobre as distintas formas de violencia contra as mulleres mediante accións que aumenten o rexeitamento social. |
| 1.2 | Reforzar a coordinación interdisciplinar e con outros axentes sociais da comarca para garantir unha adecuada atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como unha maior prevención. |
| 1.3 | Ofertar actividades que promovan o benestar integral das vítimas de violencia de xénero e das mulleres en situación de vulnerabilidade. |

| EIDO 2: EDUCACIÓN EN IGUALDADE | |
|---|---|
| Promover a transformación dos valores para a consecución dun modelo de sociedade libre de estereotipos de xénero que garanta a plena igualdade de mulleres e homes nos distintos eidos e que implique ao conxunto da cidadanía. | |
| 2.1 | Favorecer a sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) na igualdade entre mulleres e homes. |
| 2.2 | Continuar co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade entre mulleres e homes e a superación dos roles e estereotipos de xénero a través de diferentes accións lúdicas, culturais, formativas etc. |

| EIDO 3: PARTICIPACIÓN SOCIAL E APODERAMENTO | |
|---|---|
| Favorecer o apoderamento e a participación social das mulleres nas diferentes esferas en condicións de igualdade e mellorar o benestar da poboación estradense. | |
| 3.1 | Favorecer a participación activa da cidadanía en accións lúdicas, culturais, formativas e deportivas, ao tempo que se favorece o apoderamento individual e colectivo das mulleres. |
| 3.2 | Promover a presenza e recoñecemento equilibrado de mulleres e homes nas distintas esferas de participación e decisión. |
| 3.3 | Visibilizar ás mulleres da Estrada e poñer en valor o labor que realizan en diferentes ámbitos. |

| EIDO 4: EMPREGO, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE |
|---|
| Favorecer o acceso e permanencia das mulleres no ámbito laboral en igualdade de condicións, contribuíndo a un modelo de sociedade que facilite a corresponsabilidade e a conciliación dos tempos. |

| | |
|---|---|
| 4.1 | Potenciar a incorporación e a permanencia das mulleres no mercado laboral e promover a responsabilidade social do empresariado local en materia de igualdade. |
| 4.2 | Fomentar a corresponsabilidade e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación da Estrada. |

| **EIDO 5 : TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL** | |
|---|---|
| Promover a igualdade de oportunidades e a erradicación da violencia de xénero a través dun modelo de gobernanza que incorpore a transversalidade do enfoque de xénero ao conxunto da acción municipal. | |
| 5.1 | Afianzar a introdución da perspectiva de xénero e o principio de igualdade efectiva entre homes e mulleres no conxunto de procesos da organización municipal. |
| 5.2 | Promover unha comunicación e imaxe do Concello da Estrada plenamente inclusiva e que promova a igualdade entre mulleres e homes. |

# EIDO 1: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

# EIDO 1: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

## DESCRICIÓN

Nos últimos anos, a implicación das institucións contra a violencia de xénero foi en aumento e as administracións municipais teñen competencia propia no desenvolvemento de accións contra estra lacra social.

Desde o CIM da Estrada, traballase de maneira directa coas mulleres vítimas de violencias machistas. Para garantirlles unha adecuada atención e protección é fundamental favorecer a interderivación e a comunicación entre os axentes implicados, asemade, fortalecer a Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de xénero. Tamén, garantir a oferta de actividades que promovan o benestar integral das vítimas, tanto os promovidos desde o Centro de Información ás Mulleres da Estrada (CIM) como por outras áreas e departamentos.

Ademais, para unha efectiva prevención das violencias de xénero é preciso desenvolver estratexias para concienciar e implicar a toda a cidadanía, tanto no ámbito educativo como á poboación xeral. Por iso, neste eido, formúlanse estratexias que fomentan o rexeitamento das diferentes formas de violencias machistas involucrando a toda a poboación.

## OBXECTIVOS

**1. OBXECTIVO XERAL:** avanzar na loita contra a violencia de xénero desde a acción preventiva e a concienciación do conxunto da cidadanía ante todas as formas de violencia contra as mulleres e garantir unha asistencia integral e de calidade ás vítimas.

**1.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** sensibilizar á sociedade sobre as distintas formas de violencia contra as mulleres mediante accións que aumenten o rexeitamento social.

**1.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO**: reforzar a coordinación interdisciplinar e con outros axentes sociais da comarca para garantir unha adecuada atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como unha maior prevención.

**1.3 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** ofertar actividades que promovan o benestar integral das vítimas de violencia de xénero e das mulleres en situación de vulnerabilidade.

MEDIDAS

**1.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** sensibilizar á sociedade sobre as distintas formas de violencia contra as mulleres mediante accións que aumenten o rexeitamento social.

| | |
|---|---|
| **1.1.1** | **Continuar coas accións de prevención das violencias machistas, incidindo na identificación dos factores de risco e nas estratexias e ferramentas para saír dunha situación de violencia.** |
| **DEPARTAMENTOS/ AXENTES IMPLICADOS** | Área de Igualdade<br>Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº e tipo de actuación<br>Axentes sociais colaboradores<br>Nº de participantes por sexo<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **1.1.2** | **Actualizar a aplicación BENQUÉRO-ME con recursos e actividades de interese para a poboación no campo da prevención da violencia de xénero e da promoción de relacións igualitarias.** |
| **DEPARTAMENTOS/ AXENTES IMPLICADOS** | Área de Igualdade<br>Centro de Información ás Mulleres<br>Departamento de Informática. |
| **INDICADORES** | Nº de publicacións e actualizacións<br>Nº de actividades realizadas<br>Nº de participantes por sexo<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **1.1.3** | **Desenvolver accións de concienciación e denuncia das diferentes formas de violencia sexual contra as mulleres (trata, agresións sexuais, prostitución, etc).** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Igualdade<br>Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº e tipo de accións<br>Axentes sociais colaboradores<br>Nº de participantes por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **1.1.4** | **Levar a cabo accións de rexeitamento e denuncia das violencias sexuais nos espazos de ocio da Estrada.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Nº e tipo de accións<br>Axentes sociais colaboradores |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **1.1.5** | **Fomentar o coñecemento e identificación das violencias de xénero exercidas a través das novas tecnoloxías (sextorsión, acoso, control etc).** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº e tipo de accións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **1.1.6** | **Actualizar a sección da *web* municipal do CIM con información sobre as formas de violencia de xénero, os sinais de alarma e os recursos dispoñibles.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Departamento de informática |
| **INDICADORES** | Nº de publicacións<br>Nº de actualizacións<br>Calidade do contido |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |

**1.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** reforzar a coordinación interdisciplinar e con outros axentes sociais da comarca para garantir unha adecuada atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como unha maior prevención.

| | |
|---|---|
| **1.2.1** | **Manter a coordinación entre o CIM e os Xulgados, o Centro de Saúde, Policía e outros servizos do Concello da Estrada implicados no proceso de atención e protección das mulleres vítimas da violencia de xénero.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Grao de coordinación<br>Nº de interderivacións, reunións etc. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **1.2.2** | **Continuar a interderivación cos diferentes departamentos para que as usuarias do CIM participen nas diferentes formacións relacionadas coa saúde, a empregabilidade etc.** |

| | |
|---|---|
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social e Igualdade<br>Área de Emprego<br>Área de Sanidade |
| **INDICADORES** | Nº de interderivacións<br>Grao de participación |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **1.2.3** | **Impulsar a actividade da Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de xénero.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Área de Sanidade |
| **INDICADORES** | Nº de reunións<br>Nº de participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |

**1.3 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** ofertar actividades que promovan o benestar integral das vítimas de violencia de xénero e das mulleres en situación de vulnerabilidade.

| | |
|---|---|
| **1.3.1** | **Organizar un curso de defensa persoal e autoprotección destinado ás mulleres no que se incida na importancia da denuncia temperá dos casos de violencia de xénero.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Benestar Social e Igualdade<br>Centro de Información as Mulleres<br>Área de Deporte |
| **INDICADORES** | Nº de accións realizadas<br>Nº de persoas participantes<br>Grao de satisfacción das persoas participantes. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **1.3.2** | **Desenvolver accións para a atención emocional de mulleres en situación de vulnerabilidade con temáticas relacionadas co fomento da autoestima, técnicas de relaxación, etc.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área Servizos Sociais e Igualdade<br>Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Sanidade |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Nº de accións realizadas<br>Nº de persoas participantes<br>Grao de satisfacción das persoas participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **1.3.3** | Continuar coa difusión de información sobre programas municipais orientados a mulleres en situación de vulnerabilidade, así como recursos doutras entidades. |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Servizos Sociais e Igualdade<br>Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº de participantes en programas municipais<br>Nº de comunicacións sobre recursos doutras entidades |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **1.3.4** | **Considerar a condición de vítima de violencia (e outras situacións de risco de exclusión social e vulnerabilidade) como criterio de valoración nas bases de axudas e recursos municipais.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Servizos Sociais e Igualdade<br>Área de Emprego<br>Centro de Información ás Mulleres. |
| **INDICADORES** | Nº de convocatorias que inclúen estes criterios |
| **TEMPORALIDADE** | 2023 – 2024- 2025- 2026- 2027 |

# EIDO 2: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

# EIDO 2: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

## DESCRICIÓN

Nesta área de intervención preténdese continuar o traballo que se vén desenvolvendo nos últimos anos no eido da coeducación e a sensibilización social. Para que exista unha sociedade baseada na igualdade é preciso traballar novos modelos que nos permitan vivir máis libremente e nos que se inclúa a diversidade afectivo-sexual e as masculinidades positivas en todos os ámbitos posibles.

Para apostar por modelos de relacións igualitarios e potenciar a coeducación en todas as etapas educativas, inclúense medidas orientadas á comunidade educativa. Formúlanse accións dirixidas ao alumnado, pero tamén ás familias e ao profesorado. Neste eido, aténdense ás demandas dos centros educativos en relación a aumentar o número de accións dirixidas ás familias e á rapazada das primeiras etapas educativas.

Ademais das accións nos centros escolares, o fomento dos valores igualitarios e as accións de sensibilización deben chegar ao conxunto da cidadanía. Neste senso, inclúense diferentes medidas que implican a toda a cidadanía e aos servizos do Concello (biblioteca municipal, servizos de conciliación, escolas deportivas, páxina *web* etc.) no traballo en prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e na rotura dos roles e estereotipos de xénero.

## OBXECTIVOS

**2. OBXECTIVO XERAL:** promover a transformación dos valores para a consecución dun modelo de sociedade libre de estereotipos de xénero que garanta a plena igualdade de mulleres e homes nos distintos eidos e que implique ao conxunto da cidadanía.

**2.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** favorecer a sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) na igualdade entre mulleres e homes.

**2.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** continuar co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade entre mulleres e homes e a superación dos roles e estereotipos de xénero mediante accións lúdicas, culturais, formativas etc.

MEDIDAS

**2.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** favorecer a sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) na igualdade entre mulleres e homes.

| | |
|---|---|
| **2.1.1** | **Formar en materia de igualdade ao alumnado dos diferentes centros educativos da Estrada.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área Benestar Social<br>Área de Educación<br>Área de Igualdade<br>Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº de accións formativas<br>Nº de participantes por sexo<br>Nº de centros educativos participantes<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025 – 2026- 2027 |
| **2.1.2** | **Fomentar a implantación e consolidación nas bibliotecas escolares dunha sección con libros que aborden a igualdade de xénero, a diversidade sexo-afectiva etc.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Educación |
| **INDICADORES** | Nº de accións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.1.3** | **Apoiar e colaborar coas ANPAs na realización de talleres dirixidos a nais e pais onde abordar a educación en igualdade, a resolución de conflitos, a detección da violencia de xénero etc.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de participantes por sexo<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.1.4** | **Realizar actividades de fomento da igualdade orientadas ao alumnado de educación infantil e primaria a través do xogo, contacontos etc.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Centro de Información ás Mulleres |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de participantes por sexo<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2023 – 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.1.5** | **Reforzar as accións formativas dirixidas á adolescencia e á mocidade sobre as relacións afectivas igualitarias e as ciberviolencias.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Área de Educación<br>Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de participantes por sexo<br>Nº de centros educativos participantes<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026 – 2027 |
| **2.1.6** | **Promover actividades de fomento da igualdade orientadas ao profesorado das diferentes etapas educativas dos centros educativos da Estrada.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Área de Educación<br>Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de persoas participantes por sexo<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.1.7** | **Promocionar as Escolas Deportivas Municipais nos centros educativos para promover unha práctica deportiva libre de condicionantes e estereotipos de xénero.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Deportes |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de persoas participantes por sexo<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2024- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.1.8** | **Incorporar obradoiros nos que abordar as novas masculinidades e interpelar aos varóns no compromiso pola igualdade.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área Igualdade<br>Área de Educación. |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de persoas participantes por sexo<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2024- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.1.9** | **Promover o respecto á diversidade afectivo-sexual a través de actividades de formación e sensibilización nos centros educativos.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social,<br>Área de Igualdade<br>Área de Educación. |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de persoas participantes por sexo<br>Grao de satisfacción |
| **TEMPORALIDADE** | 2024- 2024- 2025- 2026- 2027 |

**2.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** continuar co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade entre mulleres e homes e a superación dos roles e estereotipos de xénero a mediante accións lúdicas, culturais, formativas etc.

| | |
|---|---|
| **2.2.1** | **Continuar coa conmemoración do Día Internacional da Muller e co Premio honorífico ao labor das mulleres do Concello da Estrada.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Área de Educación |
| **INDICADORES** | Nº de propostas ao premio<br>Nº de persoas participantes nos actos por sexo<br>Grao de satisfacción das persoas participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.2.2** | **Implementar na biblioteca municipal, un espazo destinado a libros sobre igualdade de xénero, diversidade afectivo-sexual e promocionar obras literarias escritas por mulleres.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Área de Educación<br>Área de Cultura |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Nº de accións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.2.3** | **Colaborar co Centro de Saúde do Concello da Estrada na realización de formacións destinadas ao persoal do Centro e á poboación xeral, que inclúan a perspectiva de xénero na saúde.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área Igualdade<br>Área de Educación |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de persoas participantes por sexo<br>Grao de satisfacción das persoas participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.2.4** | **Difundir información específica sobre os recursos dispoñibles para o colectivo LGTBIQ+.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Área de Educación |
| **INDICADORES** | Nº de actividades difundidas<br>Nº de publicacións/folletos |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026 - 2027 |
| **2.2.5** | **Incorporar actividades de fomento dos valores igualitarios e de rotura dos estereotipos de xénero nos servizos do Espazo Concilia, Campus Deportivo e Campamentos de verán.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información as Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade<br>Área de Deporte |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de persoas participantes por sexo<br>Grao de satisfacción da persoas participantes. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.2.6** | **Continuar coa promoción das Escolas Municipais Deportivas do Concello da Estrada utilizando imaxes ou mensaxes non estereotipadas.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Deportes |
| **INDICADORES** | Tipo de imaxes e linguaxe utilizada |

| | |
|---|---|
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.2.7** | **Seguir promovendo unha programación cultural específica durante os meses de marzo e novembro onde presentar pezas teatrais que aborden temáticas relacionadas coa igualdade de xénero, novos modelos de masculinidade, a diversidade afectivo-sexual, violencias machistas etc.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Cultura |
| **INDICADORES** | Nº de pezas |
| **TEMPORALIDADE** | 2024- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **2.2.8** | **Manter unha difusión actualizada nas redes sociais do Concello das actividades programadas polo CIM para favorecer a participación e o coñecemento sobre este servizo.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área Informática<br>Área Igualdade |
| **INDICADORES** | Nº publicacións |
| **TEMPORALIDADE** | 2024- 2024- 2025- 2026- 2027 |

# EIDO 3: PARTICIPACIÓN SOCIAL, APODERAMENTO E BENESTAR

# EIDO 3: PARTICIPACIÓN SOCIAL, APODERAMENTO E BENESTAR

## DESCRICIÓN

A pesar dos múltiplos avances producidos no ámbito da igualdade, as mulleres seguen a estar menos presentes na vida pública. Ademais, as súas achegas en diferentes ámbitos estiveron historicamente invisibilizadas.

Neste eido de intervención, preséntanse medidas para favorecer a participación activa da sociedade en condicións de igualdade, dando continuidade ás actividades desenvolvidas ate o momento no eido da socialización e apoderamento, habilidades informáticas, envellecemento activo etc. Para iso, seguiranse estreitando as colaboracións entre os diferentes departamentos, así como outras entidades e asociacións da contorna, co obxectivo de facilitar a organización, xestión e difusión de actividades de interese.

Ademais, recoñecendo a diversidade e riqueza do Concello da Estrada, búscase visibilizar ás mulleres estradenses destacadas en diversos ámbitos, a través de actividades que promovan o recoñecemento das súas achegas e aportacións.

## OBXECTIVOS

**3. OBXECTIVO XERAL:** favorecer o apoderamento e a participación social das mulleres nas diferentes esferas en condicións de igualdade e mellorar o benestar da poboación estradense.

**3.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** favorecer a participación activa da cidadanía en accións lúdicas, culturais, formativas e deportivas, ao tempo que se favorece o apoderamento individual e colectivo das mulleres.

**3.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** promover a presenza e o recoñecemento equilibrado de mulleres e homes nas distintas esferas de participación e decisión.

**3.3 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** visibilizar ás mulleres da Estrada e poñer en valor o labor que realizan en diferentes ámbitos.

MEDIDAS

**3.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** favorecer a participación activa da cidadanía en accións lúdicas, culturais, formativas e deportivas, ao tempo que se favorece o apoderamento individual e colectivo das mulleres.

| **3.1.1** | **Divulgar as actividades do CIM entre as Asociacións de Mulleres rexistradas no Concello da Estrada.** |
|---|---|
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Participación Social<br>Centro de Información ás Mulleres<br>Estrada dixital |
| **INDICADORES** | Nº de actualizacións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.1.2** | **Continuar coas actividades orientadas ás mulleres e que propician a súa socialización, apoderamento e autonomía (por exemplo o grupo feminino de teatro, andainas, talleres de envellecemento activo etc).** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Cultura.<br>Área de Benestar Social, Igualdade e Educación<br>Área de Sanidade |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de participantes por sexo<br>Grao de satisfacción das persoas participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.1.3** | **Poñer en marcha cursos e actividades para mellorar a alfabetización dixital e para garantir a independencia á hora de realizar trámites en liña.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Emprego |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de participantes por sexo<br>Grao de satisfacción das persoas participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026-2027 |
| **3.1.4** | **Ofrecer charlas, cursos, ou material destinados ás mulleres en situación de vulnerabilidade nos que se fomente a importancia do autocoidado e a autoestima.** |

| | |
|---|---|
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social, Igualdade e Educación |
| **INDICADORES** | Nº de charlas, cursos, obradoiros<br>Nº de participantes por sexo<br>Grao de satisfacción das persoas participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.1.5** | **Colaborar con entidades e asociacións que traballan no eido da diversidade funcional (AMICOS, mulleres xordas, INSERTA, ONCE etc)** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social, Igualdade e Educación |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de persoas usuarias por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.1.6** | **Crear/dinamizar actividades que teñan como obxectivo tecer redes e promover actitudes sororas entre mulleres.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Igualdade |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de persoas participantes<br>Grao de satisfacción das persoas participantes. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.1.7** | **Fomentar a participación da mocidade nas diferentes actividades promovidas polo Concello.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Cultura<br>Área de Sanidade<br>Área de Participación Cidadá<br>Área de Deportes |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de persoas participantes<br>Grao de satisfacción das persoas participantes. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.1.8** | **Crear e promocionar dinámicas que favorezan a convivencia interxeracional.** |

| | |
|---|---|
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Participación cidadá |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de persoas participantes<br>Grao de satisfacción das persoas participantes. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.1.9** | **Promocionar os beneficios do envellecemento activo e a importancia da actividade física en todas as etapas da vida.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social, Igualdade e Educación |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de persoas participantes<br>Grao de satisfacción das persoas participantes. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.1.10** | **Promover colaboracións con entidades que traballan con persoas migrantes para atender de maneira específica as súas demandas e necesidades.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social, Igualdade e Educación |
| **INDICADORES** | Colaboración<br>Nº de persoas atendidas |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |

**3.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** promover a presenza e o recoñecemento equilibrado de mulleres e homes nas distintas esferas de participación e decisión.

| | |
|---|---|
| **3.2.1** | **Incluír eventos e representacións culturais con perspectiva de xénero na programación cultural anual.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Cultura<br>Área de Igualdade |
| **INDICADORES** | Nº de eventos |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026 – 2027 |

| | |
|---|---|
| **3.2.2** | **Promocionar a presenza feminina nas actividades culturais promovidas desde o Concello (parladoiros, pezas teatrais, concertos etc).** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Cultura<br>Área de Igualdade |
| **INDICADORES** | Nº de actividades culturais |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.2.3** | **Impulsar iniciativas de colaboración con entidades deportivas para visibilizar ás mulleres na práctica deportiva** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Deportes<br>Área de Igualdade |
| **INDICADORES** | Nº de iniciativas<br>Nº de axentes colaboradores |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026-2027 |
| **3.2.4** | **Dar continuidade aos premios e recoñecementos igualitarios na Gala do Deporte do Concello da Estrada.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Deportes |
| **INDICADORES** | Nº de recoñecementos |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.2.5** | **Difundir os concursos literarios do Concello e continuar coa forma de presentación de traballos anónima e a sobre pechado, evitando a valoración sesgada pola variable sexo/xénero ou outras.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Cultura |
| **INDICADORES** | Nº de participantes por sexo<br>Nº de persoas premiadas por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |

**3.3 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** visibilizar ás mulleres da Estrada e poñer en valor o labor que realizan en diferentes ámbitos.

| | |
|---|---|
| **3.3.1** | **Realizar actividades de difusión e visibilización da contribución das mulleres ao longo da historia.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información á Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de participantes por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024-2025-2026-2027 |
| **3.3.2** | **Apoiar as actividades e campañas de entidades e asociacións da Estrada que visibilizan a diversidade das mulleres.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de axentes colaboradores |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **3.3.3** | **Manter un espazo na radio e/ou prensa local no que visibilizar as achegas e historias de mulleres estradenses.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social, Igualdade e Educación<br>Área de Cultura - Radioestrada |
| **INDICADORES** | Nº de programas/seccións<br>Nº de publicacións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |
| **3.3.4** | **Recoñecer e visibilizar as achegas das mulleres da Estrada a través da celebración anual do Premio honorífico ao labor das mulleres do Concello da Estrada.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº de programas/seccións<br>Nº de publicacións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024- 2025- 2026- 2027 |

# EIDO 4: EMPREGO, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

# EIDO 4: EMPREGO, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

## DESCRICIÓN

Para fomentar a igualdade real é preciso favorecer as condicións para a incorporación das mulleres ás actividades económicas en todas as súas formas e facilitar a conciliación responsable e a xestión dos tempos. A pesar dos múltiples esforzos para derrubar as diferentes barreiras que dificultan a incorporación, permanencia e progresión das mulleres no ámbito laboral, o certo é que aínda queda camiño que andar.

Dentro deste eido de intervención diferéncianse dous obxectivos; por un lado potenciar a incorporación e permanencia das mulleres no mercado laboral e por outro, facilitar e fomentar a conciliación e a corresponsabilidade.

Para iso, reforzaranse os mecanismos e recursos dispoñibles no Concello da Estrada de cara á mellora da empregabilidade das mulleres, atendendo ás súas necesidades específicas. Realizaranse itinerarios formativos adaptados á situación da contorna e ás necesidades formativas específicas das mulleres estradenses. Ademais, seguirase a promover o autoemprego feminino e a concienciación do tecido empresarial, aportando información específica sobre axudas á contratación feminina, medidas de conciliación etc.

Tendo en conta as demandas recollidas no proceso participativo, continuarase cos servizos de conciliación do Concello, que son valorados como unha medida necesaria e prioritaria.

## OBXECTIVOS:

**4. OBXECTIVO XERAL:** favorecer o acceso e permanencia das mulleres no ámbito laboral en igualdade de condicións, contribuíndo a un modelo de sociedade que facilite a corresponsabilidade e a conciliación dos tempos.

**4.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** potenciar a incorporación e a permanencia das mulleres no mercado laboral e promover a responsabilidade social do empresariado local en materia de igualdade.

**4.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** fomentar a corresponsabilidade e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación da Estrada.

MEDIDAS

**4.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** potenciar a incorporación e a permanencia das mulleres no mercado laboral e promover a responsabilidade social entre o empresariado local en materia de igualdade.

| | |
|---|---|
| **4.1.1** | **Continuar coa colaboración entre o CIM e os axentes de emprego para facilitar que as usuarias deste servizo poidan planificar un percorrido de mellora da súa empregabilidade.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Emprego |
| **INDICADORES** | Nº usuarias participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.2** | **Fomentar a inserción laboral das mulleres a través do fomento da participación en cursos de formación adaptados ás necesidades laborais do Concello da Estrada.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Emprego |
| **INDICADORES** | Nº de mulleres participantes<br>Grao de inserción laboral |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.3** | **Continuar o convenio de colaboración con Smartpeme para a prestación dun servizo de información e asesoramento gratuíto, presencial e personalizado sobre as TIC, as novas tecnoloxías e a mellora da competitividade empresarial.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Emprego |
| **INDICADORES** | Nº de asesoramentos por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.4** | **Colaborar con entidades especializadas no fomento do emprego para persoas con diversidade funcional a través de programas de formación, capacitación, orientación e inclusión que promovan o acceso ao mercado laboral.** |

| | |
|---|---|
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social<br>Área de Emprego |
| **INDICADORES** | Nº de persoas usuarias por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.5** | **Fomentar a participación e asesorar ás mulleres estradenses nas axudas municipais, autonómicas e estatais orientadas ao emprendemento e á creación de empresas.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Emprego |
| **INDICADORES** | Nº de participantes por sexo nas axudas ao emprendemento municipais |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.6** | **Impulsar o recoñecemento de competencias profesionais ás mulleres con baixa cualificación, residentes no rural e con poucos coñecementos sobre os recursos e axudas dispoñibles (acreditación da experiencia laboral, competencias clave, etc).** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Emprego<br>Área de Benestar Social |
| **INDICADORES** | Nº de atencións<br>Nº de procedementos de acreditación |
| **TEMPORALIDADE** | 2023- 2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.7** | **Seguir colaborando na organización e difusión de obradoiros que fomenten a adquisición de habilidades informáticas básicas para a mellora da inserción laboral.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Emprego |
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de participantes por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.8** | **Organizar e/ou colaborar con entidades que realizan obradoiros e formacións de fomento do emprendemento e autoemprego feminino.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Emprego<br>Área de Benestar Social |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Nº de actividades<br>Nº de colaboradores<br>Nº de participantes |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.9** | **Sensibilizar e orientar á mocidade cara actitudes que favorezan a diversificación académica e profesional.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Emprego<br>Área de Igualdade<br>Área de Educación |
| **INDICADORES** | Nº de accións<br>Nº de participantes por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.1.10** | **Promover entre o empresariado local, o cumprimento das medidas de igualdade empresarial (plans de igualdade, protocolos de acoso etc)** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Emprego<br>Área de Igualdade |
| **INDICADORES** | Nº de accións/ publicacións. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |

**4.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** fomentar a corresponsabilidade e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación da Estrada.

| | |
|---|---|
| **4.2.1** | **Fomentar a realización das actividades organizadas polo Concello en horarios que favorezan a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todos as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Nº de participantes por sexo nas actividades. |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.2.2** | **Continuar co asesoramento á poboación na tramitación de axudas en materia de conciliación (redución de xornada, axudas para os coidados etc)** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Emprego<br>Área de Benestar Social<br>Centro de Información ás Mulleres |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Nº de asesoramentos |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.2.3** | **Deseñar e levar a cabo iniciativas que promovan a corresponsabilidade e o valor dos coidados a través de publicación en redes, de material audiovisual, obradoiros etc.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social e Igualdade |
| **INDICADORES** | Nº de publicacións<br>Nº de persoas alcanzadas |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.2.4** | **Seguir impulsando o Espazo Concilia como medida de fomento da conciliación da vida familiar e laboral e adaptar os horarios deste servizo nos períodos non lectivos.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Benestar Social |
| **INDICADORES** | Nº de persoas participantes<br>Nº de edicións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.2.5** | **Continuar cos Campamentos de verán, o Campamento do mar e o Campus deportivo para fomentar a conciliación da vida laboral e familiar durante o período estival.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Área de Benestar Social<br>Área de Deporte |
| **INDICADORES** | Nº de persoas participantes<br>Nº de edicións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.2.6** | **Facilitar servizos de conciliación nas actividades deseñadas polos diferentes servizos e departamentos do Concello.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Nº de actividades con servizo de conciliación |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **4.2.7** | **Divulgar entre o tecido empresarial local, información e formación específica en materia de igualdade, conciliación e axudas para a contratación de mulleres vítimas de violencia.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Emprego |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Nº de asesoramentos<br>Nº de publicacións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |

# EIDO 5: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

# EIDO 5: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

## DESCRICIÓN

Esta liña de intervención busca afondar nun modelo de gobernanza local que favoreza a igualdade entre mulleres e homes a través da transversalidade de xénero na acción municipal.

Para isto, é fundamental que o persoal político e técnico se comprometa e asuma que a institución municipal é un modelo de referencia e de acción para toda a sociedade estradense. Incluír a transversalidade na administración local, supón realizar unha análise de datos con perspectiva de xénero, promover a participación equilibrada de mulleres e homes nos órganos de goberno e incrementar a formación específica en materia de igualdade do persoal técnico ao servizo da administración.

Dentro deste eido, tamén cobra unha gran importancia o coidado da comunicación municipal. Débese garantir a utilización dunha linguaxe inclusiva en todas as publicacións e textos municipais, así como o uso de imaxes non sexistas nin estereotipadas.

Entre as medidas prioritarias deste eixo, cabe destacar a promoción e difusión do contido deste V Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero, para achegalo dunha maneira clara a toda a sociedade e favorecer a súa implicación.

## OBXECTIVOS

**5. OBXECTIVO XERAL:** promover a igualdade de oportunidades e a erradicación da violencia de xénero a través dun modelo de gobernanza que incorpore a transversalidade do enfoque de xénero no conxunto da acción municipal.

**5.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** afianzar a introdución da perspectiva de xénero e o principio de igualdade efectiva entre homes e mulleres no conxunto de procesos da organización municipal.

**5.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** promover unha comunicación e imaxe do Concello da Estrada plenamente inclusiva e que promova a igualdade entre mulleres e homes.

MEDIDAS

**5.1 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** afianzar a introdución da perspectiva de xénero e o principio de igualdade efectiva entre homes e mulleres no conxunto de procesos da organización municipal.

| | |
|---|---|
| **5.1.1** | **Continuar coa recollida da variable sexo en todas as estatísticas municipais, de forma que se visibilice a realidade das mulleres.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Nº de estatísticas que recollen a variable sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-20277 |
| **5.1.2** | **Manter a programación dos actos e iniciativas con motivo do Día Internacional da Muller (8M) e do Día Internacional Contra a violencia de xénero (25N) a través de actividades culturais, accións formativas, campañas de sensibilización etc.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres<br>Área de Benestar Social e Igualdade |
| **INDICADORES** | Nº de actos<br>Nº de participantes por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **5.1.3** | **Valorar de maneira positiva o cumprimento da normativa en materia de igualdade de xénero nos procesos selectivos convocados polo Concello, así como nos pregos e condicións de contratación, convocatorias de axudas e subvencións.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Nº de convocatorias |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **5.1.4** | **Impulsar a participación equilibrada de mulleres e homes nos órganos de goberno.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |

| | |
|---|---|
| **INDICADORES** | Grao de participación equilibrada |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **5.1.5** | **Seguir incrementando o nivel de formación en materia de igualdade, especialmente entre o persoal do CIM, Servizos Sociais, Sanidade, Emprego, Cultura e Deporte.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Nº de cursos<br>Nº de participantes por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **5.1.6** | **Incentivar a formación en igualdade do persoal ao servizo da Administración Municipal.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Nº de cursos<br>Nº de participantes por sexo |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **5.1.7** | **Crear e manter canles de comunicación interdepartamentais para o correcto seguimento e avaliación das medidas recollidas no V Plan Municipal.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Nº de fichas de seguimento e avaliación cumplimentadas |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |

**5.2 OBXECTIVO ESPECÍFICO:** promover unha comunicación e imaxe do Concello da Estrada plenamente inclusiva e que promova a igualdade entre mulleres e homes

| | |
|---|---|
| **5.2.1** | **Publicar e difundir o V Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da violencia de xénero do Concello da Estrada entre a poboación xeral, os axentes socioeconómicos e os medios de comunicación.** |

| | |
|---|---|
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Nº de accións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **5.2.2** | **Revisar de forma periódica a páxina *web* municipal para garantir unha linguaxe e imaxes inclusivas e a incorporación do enfoque de xénero nos contidos publicados.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Todas as áreas e departamentos |
| **INDICADORES** | Grado de linguaxe inclusiva utilizada |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |
| **5.2.3** | **Fomentar e aumentar a presencia dos contidos e actividades relacionados co fomento da igualdade e a prevención da violencia de xénero, así como do cumprimento das medidas que se recollen neste Plan.** |
| **DEPARTAMENTOS AXENTES IMPLICADOS** | Centro de Información ás Mulleres |
| **INDICADORES** | Nº de publicacións |
| **TEMPORALIDADE** | 2023-2024-2025-2026-2027 |

# CADRO RESUMO DAS MEDIDAS DO PLAN

| EIDO 1: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO |
|---|
| **OBX 1.1 Sensibilizar a sociedade sobre as distintas formas de violencia contras as mulleres mediante accións que aumentan o rexeitamento social.** |
| **1.1.1** Continuar coas accións de prevención das violencias machistas, incidindo na identificación dos factores de risco e nas estratexias e ferramentas para saír dunha situación de violencia. |
| **1.1.2** Actualizar a aplicación BENQUÉRO-ME con recursos e actividades de interese para a poboación no campo da prevención da violencia de xénero e da promoción de relacións igualitarias. |
| **1.1.3** Desenvolver accións de concienciación e denuncia das diferentes formas de violencia sexual contra as mulleres (trata, agresións sexuais, prostitución, etc). |
| **1.1.4** Levar a cabo accións de rexeitamento e denuncia das violencias sexuais nos espazos de ocio da Estrada. |
| **1.1.5** Fomentar o coñecemento e identificación das violencias de xénero exercidas a través das novas tecnoloxías (sextorsión, acoso, control etc). |
| **1.1.6** Actualizar a sección da *web* municipal do CIM con información sobre as formas de violencia de xénero, os sinais de alarma e os recursos dispoñibles. |
| **OBX 1.2 Reforzar a coordinación interdisciplinar e con outros axentes sociais da comarca para garantir a adecuada atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero., así como a prevención.** |
| **1.2.1** Manter a coordinación entre o CIM e os Xulgados, o Centro de Saúde, Policía e outros servizos do Concello da Estrada implicados no proceso de atención e protección das mulleres vítimas da violencia de xénero. |
| **1.2.2** Continuar a interderivación cos diferentes departamentos para que as usuarias do CIM participen nas diferentes formacións relacionadas coa saúde, a empregabilidade etc. |
| **1.2.3** Impulsar a actividade da Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de xénero. |
| **OBX. 1.3 Ofertar actividades que promovan o benestar integral das vítimas de violencia de xénero e das mulleres en situación de vulnerabilidade.** |
| **1.3.1** Organizar un curso de defensa persoal e autoprotección destinado ás mulleres no que se incida na importancia da denuncia temperá dos casos de violencia de xénero. |
| **1.3.2** Desenvolver accións para a atención emocional de mulleres en situación de vulnerabilidade con temáticas relacionadas co fomento da autoestima, técnicas de relaxación, etc. |
| **1.3.3** Continuar coa difusión de información sobre programas municipais orientados a mulleres en situación de vulnerabildiade, así como recursos doutras entidades. |
| **1.3.4** Considerar a condición de vítima de violencia (e outras situacións de risco de exclusión social e vulnerabilidade) como criterio de valoración nas bases de axudas e recursos municipais. |

| EIDO 2: EDUCACIÓN EN IGUALDADE |
|---|
| **OBX. 2.1 Favorecer a sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) na igualdade entre mulleres e homes.** |
| **2.1.1** Formar en materia de igualdade ao alumnado dos diferentes centros educativos da Estrada. |
| **2.1.2** Fomentar a implantación e consolidación nas bibliotecas escolares dunha sección con libros que aborden a igualdade de xénero, a diversidade sexo-afectiva etc. |
| **2.1.3** Apoiar e colaborar coas ANPAs na realización de talleres dirixidos a nais e pais onde abordar a educación en igualdade, a resolución de conflitos, a detección da violencia de xénero etc. |
| **2.1.4** Realizar actividades de fomento da igualdade orientadas ao alumnado de educación infantil e primaria a través do xogo, contacontos etc. |
| **2.1.5** Reforzar as accións formativas dirixidas á adolescencia e á mocidade sobre as relacións afectivas igualitarias e as ciberviolencias. |
| **2.1.6** Promover actividades de fomento da igualdade orientadas ao profesorado das diferentes etapas educativas dos centros educativos da Estrada. |
| **2.1.7** Promocionar as Escolas Deportivas Municipais nos centros educativos para promover unha práctica deportiva libre de condicionantes e estereotipos de xénero. |
| **2.1.8** Incorporar obradoiros nos que abordar as novas masculinidades e interpelar aos varóns no compromiso pola igualdade. |
| **2.1.9** Promover o respecto á diversidade afectivo-sexual a través de actividades de formación e sensibilización nos centros educativos. |
| **OBX. 2.2 Continuar co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade entre mulleres e homes e a superación dos roles e estereotipos de xénero a través de diferentes accións lúdicas e culturais** |
| **2.2.1** Continuar coa conmemoración do Día Internacional da Muller e co Premio Honorífico ao Labor das mulleres da Estrada. |
| **2.2.2** Implementar na biblioteca municipal, un espazo destinado a libros sobre igualdade de xénero, diversidade afectivo-sexual e promocionar obras literarias escritas por mulleres. |
| **2.2.3** Colaborar co Centro de Saúde do Concello da Estrada na realización de formacións destinadas ao persoal do Centro e á poboación xeral, que inclúan a perspectiva de xénero na saúde. |
| **2.2.4** Difundir información específica sobre os recursos dispoñibles para o colectivo LGTBIQ+. |
| **2.2.5** Incorporar actividades de fomento dos valores igualitarios e de rotura dos estereotipos de xénero nos servizos do Espazo Concilia, Campus Deportivo e Campamentos de verán.. |
| **2.2.6** Continuar coa promoción das Escolas Municipais Deportivas do Concello da Estrada utilizando imaxes ou mensaxes non estereotipadas. |
| **2.2.7** Seguir promovendo unha programación cultural específica durante os meses de marzo e novembro onde presentar peza teatrais que aborden temáticas relacionadas coa igualdade de xénero, novos modelos de masculinidade, a diversidade afectivo-sexual, violencias machistas etc. |
| **2.2.8** Manter unha difusión actualizada nas redes sociais do Concello das actividades programadas polo CIM para favorecer a participación e o coñecemento sobre este servizo. |

| EIDO 3: PARTICIPACIÓN SOCIAL, APODERAMENTO E BENESTAR |
|---|
| **OBX. 3.1 Favorecer a participación activa da cidadanía en accións lúdicas, culturais, formativas e deportivas, ao tempo que se favorece o apoderamento individual e colectivo das mulleres.** |
| **3.1.1** Divulgar as actividades do CIM entre as Asociacións de Mulleres rexistradas no Concello da Estrada. |
| **3.1.2** Continuar coas actividades orientadas ás mulleres e que propician a súa socialización, apoderamento e autonomía (por exemplo o grupo feminino de teatro, andainas, talleres de envellecemento activo etc). |
| **3.1.3** Poñer en marcha cursos e actividades para mellorar a alfabetización dixital para garantir a independencia das mulleres á hora de realizar trámites en liña. |
| **3.1.4** Ofrecer charlas, cursos, ou material destinados ás mulleres en situación de vulnerabilidade nos que se fomente a importancia do autocoidado e a autoestima. |
| **3.1.5** Colaborar con entidades e asociacións que traballan no eido da diversidade funcional (AMICOS, mulleres xordas, INSERTA, ONCE etc) |
| **3.1.6** Crear/dinamizar actividades que teñan como obxectivo tecer redes e promover actitudes sororas entre mulleres. |
| **3.1.7** Fomentar a participación da mocidade nas diferentes actividades promovidas polo Concello. |
| **3.1.8** Crear e promocionar dinámicas que favorezan a convivencia interxeracional. |
| **3.1.9** Promocionar os beneficios do envellecemento activo e a importancia da actividade física en todas as etapas da vida. |
| **3.1.10** Promover colaboracións con entidades que traballan con persoas migrantes para atender de maneira específica as súas demandas e necesidades. |
| **OBX. 3.2 Promover a presenza e recoñecemento equilibrado de mulleres e homes nas distintas esferas de participación e decisión.** |
| **3.2.1** Incluír eventos e representacións culturais con perspectiva de xénero na programación cultural anual. |
| **3.2.2** Promocionar a presenza feminina nas actividades culturais promovidas desde o concello (parladoiros, pezas teatrais, concertos etc). |
| **3.2.3** Impulsar iniciativas de colaboración con entidades deportivas para visibilizar ás mulleres na práctica deportiva |
| **3.2.4** Dar continuidade aos premios e recoñecementos igualitarios na Gala do Deporte do Concello da Estrada. |
| **3.2.5** Difundir os concursos literarios do Concello e continuar coa forma de presentación de traballos anónima e a sobre pechado, evitando a valoración sesgada pola variable sexo/xénero ou outras. |
| **OBX 3.3 Visibilizar ás mulleres da Estrada e poñer en valor o labor que realizan en diferentes ámbitos.** |
| **3.3.1** Realizar actividades de difusión e visibilización da contribución das mulleres ao longo da historia. |
| **3.3.2** Apoiar as actividades e campañas de entidades e asociacións da Estrada que visibilizan a diversidade das mulleres. |
| **3.3.3** Manter un espazo na radio e/ou prensa local no que visibilizar as achegas e historias de mulleres estradenses. |
| **3.3.4** Recoñecer e visibilizar as achegas das mulleres da Estrada a través da celebración anual do Premio Honorífico ao labor das Mulleres do Concello da Estrada. |

| EIDO 4: EMPREGO, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE |
|---|
| **OBX. 4.1 Potenciar a incorporación e a permanencia das mulleres no mercado laboral e promover a responsabilidade social entre o empresariado local en materia de igualdade.** |
| **4.1.1** Continuar coa colaboración entre o CIM e os axentes de emprego para facilitar que as usuarias deste servizo poidan planificar un percorrido de mellora da súa empregabilidade. |
| **4.1.2** Fomentar a inserción laboral das mulleres a través do fomento da participación en cursos de formación adaptados ás necesidades laborais do Concello da Estrada. |
| **4.1.3** Continuar o convenio de colaboración con Smartpeme para a prestación dun servizo de información e asesoramento gratuíto, presencial e personalizado sobre as TIC, as novas tecnoloxías e a mellora da competitividade empresarial. |
| **4.1.4** Colaborar con entidades especializadas no fomento do emprego para persoas con diversidade funcional a través de programas de formación, capacitación, orientación e inclusión que promovan o acceso ao mercado laboral. |
| **4.1.5** Fomentar a participación e asesorar ás mulleres estradenses nas axudas municipais, autonómicas e estatais orientadas ao emprendemento e á creación de empresas. |
| **4.1.6** Impulsar o recoñecemento de competencias profesionais ás mulleres con baixa cualificación, residentes no rural e con poucos coñecementos sobre os recursos e axudas dispoñibles (acreditación da experiencia laboral, competencias clave, etc). |
| **4.1.7** Seguir colaborando na organización e difusión de obradoiros que fomenten a adquisición de habilidades informáticas básicas para a mellora da inserción laboral. |
| **4.1.8** Organizar e/ou colaborar con entidades que realizan obradoiros e formacións de fomento do emprendemento e autoemprego feminino. |
| **4.1.9** Sensibilizar e orientar á mocidade cara actitudes que favorezan a diversificación académica e profesional. |
| **4.1.10** Promover entre o empresariado local, o cumprimento das medidas de igualdade empresarial (plans de igualdade, protocolos de acoso etc) |
| **OBX. 4.2 Fomentar a corresponsabilidade e facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar á poboación da Estrada** |
| **4.2.1** Fomentar a realización das actividades organizadas polo concello en horarios que favorezan a conciliación da vida familiar, laboral e persoal. |
| **4.2.2** Continuar co asesoramento á poboación na tramitación de axudas en materia de conciliación (redución de xornada, axudas para os coidados etc). |
| **4.2.3** Deseñar e levar a cabo iniciativas que promovan a corresponsabilidade e o valor dos coidados a través de publicación en redes, de material audiovisual, obradoiros etc. |
| **4.2.4** Seguir impulsando o Espazo Concilia como medida de fomento da conciliación da vida familiar e laboral e adaptar os horarios deste servizo nos períodos non lectivos. |
| **4.2.5** Continuar cos Campamentos de verán, o Campamento do mar e o Campus deportivo para fomentar a conciliación da vida laboral e familiar durante o período estival. |
| **4.2.6** Facilitar servizos de conciliación nas actividades deseñadas polos diferentes servizos e departamentos do concello. |
| **4.2.7** Divulgar entre o tecido empresarial local, información e formación específica en materia de igualdade, conciliación e axudas para a contratación de mulleres. |

| EIDO 5: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL |
| --- |
| **OBX. 5.1 Afianzar a introdución da perspectiva de xénero e o principio de igualdade efectiva entre homes e mulleres no conxunto de procesos da organización municipal.** |
| **5.1.1** Continuar coa recollida da variable sexo en todas as estatísticas municipais, de forma que se visibilice a realidade das mulleres. |
| **5.1.2** Manter a programación dos actos e iniciativas con motivo do Día Internacional da Muller (8M) e do Día Internacional Contra a violencia de xénero (25N) a través de actividades culturais, accións formativas, campañas de sensibilización etc. |
| **5.1.3** Valorar de maneira positiva o cumprimento da normativa en materia de igualdade de xénero nos procesos selectivos convocados polo Concello, así como nos pregos e condicións de contratación, convocatorias de axudas e subvencións. |
| **5.1.4** Impulsar a participación equilibrada de mulleres e homes nos órganos de goberno. |
| **5.1.5** Seguir incrementando o nivel de formación en materia de igualdade, especialmente entre o persoal do CIM, Servizos Sociais, Sanidade, Emprego, Cultura e Deporte. |
| **5.1.6** Incentivar a formación en igualdade do persoal ao servizo da Administración Municipal. |
| **5.1.7** Crear e manter canles de comunicación interdepartamentais para o correcto seguimento e avaliación das medidas recollidas no V Plan Municipal. |
| OBX 5.2 **Promover unha comunicación e imaxe do Concello da Estrada plenamente inclusiva e que promova a igualdade entre mulleres e homes** |
| **5.2.1** Publicar e difundir o V Plan Municipal de Igualdade e de Prevención da Violencia de Xénero do Concello da Estrada entre a poboación xeral, os axentes socioeconómicos e os medios de comunicación. |
| **5.2.2** Revisar de forma periódica a páxina *web* municipal para garantir unha linguaxe e imaxes inclusivas e a incorporación do enfoque de xénero nos contidos publicados. |
| **5.2.3** Fomentar e aumentar a presencia dos contidos e actividades relacionados co fomento da igualdade e a prevención da violencia de xénero, así como do cumprimento das medidas que se recollen neste Plan. |

# SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

# SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

O proceso de seguimento e avaliación é fundamental para coñecer o grao de cumprimento e a efectividade das actuacións programadas neste plan.

O seguimento é unha avaliación continua orientada a corrixir, reformular ou manter as actuacións desenvolvidas con base nos resultados conseguidos, tratando de axustarse á realidade social e sempre coa intención de mellora.

Este seguimento realizarase de maneira anual e recolleranse os resultados nun informe onde se reflictan as diferentes accións e medidas desenvolvidas polas áreas responsable en cada un dos eixos de intervención. Este seguimento pode realizarse utilizando as ferramentas de control propias do CIM como as fichas de actividades (onde se recolle a data de realización, o nº de participantes desagregado por sexo, a valoración etc) e as memorias anuais dos servizos. As "fichas de avaliación" elaboradas para este plan, remitiranse aos diferentes departamentos e áreas implicadas na consecución das medidas propostas.

É recomendable realizar unha avaliación intermedia na metade de período de vixencia para facilitar a recollida completa de datos, así como para detectar posibles dificultades ou obstáculos na consecución de certas medidas.

Ao remate do período de vixencia deste plan, realizarase unha avaliación final. Esta ten o obxectivo de coñecer o grao de execución do plan, os resultados obtidos e o impacto sobre a poboación.

A avaliación final debe incluír información sobre o diagnóstico inicial, o deseño do plan, as medidas de actuación e os resultados. A partir dos datos recollidos, é recomendable incluír un apartado de formulación de propostas de actuación para futuros plans de igualdade no Concello da Estrada.

En resumo, as ferramentas para a avaliación do Plan son:

- Fichas de avaliación deseñadas para este plan.
- Fichas de actividades do CIM.
- Memorias anuais dos diferentes servizos e departamentos do Concello.
- Reunións interdepartamentais de coordinación sobre a execución do Plan

# GLOSARIO

# GLOSARIO

A continuación, recompílanse algúns conceptos básicos sobre igualdade e violencia de xénero, incorporando neoloxismos que fan referencia ás novas formas de exercer a violencia nas redes sociais. Moitos, son termos herdados do inglés que están moi presentes nas redes sociais e internet e dan nome a certos movementos, actitudes e discriminacións:

**ACCIÓN POSITIVA**: tratamento preferente transitorio que ten como finalidade establecer unha igualdade real e efectiva, compensando ou corrixindo os efectos da discriminación pasada e presente.

**BODY POSITIVE:** movemento que invita ás persoas a querer o seu corpo, calquera que sexa a súa talla, tamaño ou forma. Explica que todos os corpos son fermosos sen importar os canons de beleza marcados.

**APODERAMENTO**: aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Tamén fai referencia á toma de conciencia do poder que individual e colectivamente posúen as mulleres.

**CHAN PEGAÑENTO:** no ámbito dos estudos de xénero utilízase para referirse á realidade pola cal as mulleres teñen numerosas dificultades para poder abandonar a esfera do privado (ámbito doméstico) cara o espazo público e que dificulta o acceso ao mundo laboral.

**CIBERVIOLENCIA**: todas aquelas formas de violencia que se exercen a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

**CIBERACOSO ou CIBERBULLYING** é a intimidación ou humillación producida a través dos medios dixitais como os servizos de mensaxeira, redes sociais etc.

**DOBRE XORNADA:** refírese a dobre carga de traballo que soportan actualmente as mulleres que, ademais do emprego remunerado, asumen as responsabilidades

domésticas e de coidado da familia, sen que outras persoas compartan devanditas responsabilidades.

**ESPELLISMO DA IGUALDADE:** sensación errónea de que xa vivimos en igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.

**GASLIGHTING (luz de gas):** forma de abuso psicolóxico que consiste en que o maltratador fai crer á vítima que se está imaxinando cousas coa intención de manipulala e gañar control.

**GROOMING:** é o acoso sexual en liña por parte de adultos a menores de idade, co obxectivo de establecer unha relación abusiva e/ou sexual.

**MACHITROLL:** dise de aquelas persoas que fan comentarios públicos misóxinos, machistas ou sexistas e que poden atoparse en foros dixitais e redes sociais.

**MANSPLAINING** (machoexplicar): utilízase cando homes explican cousas ás mulleres, aínda que elas saiban máis ou sexan expertas no tema. Trátase de amosar unha superioridade de coñecemento.

**MANSPREADING** (espraiamento): práctica dalgúns homes de sentarse coas persoas abertas nos lugares públicos, ocupando o espazo de máis dun asento.

**PATERNIDADE RESPONSABLE:** práctica que supón a asunción da responsabilidade no coidado, adecuación e trato dos fillos e fillas por parte de varóns.

**PLENOPAUSIA:** concepto utilizado para referirse á comunmente coñecida como menopausia. É un concepto que empodera, que quita o tabú e que recoñece esta etapa como un proceso florecente.

**PURPLEWHASING:** variedade de estratexias políticas, márketing etc que apelan ao seu compromiso coa igualdade de xénero de forma oportunista e non realista.

**PORNOVINGANZA:** é a difusión non consensuada de imaxes ou vídeos con contido sexual explícito dunha persoa co obxectivo de causar dano, humillala ou vingarse.

**SEXTORSIÓN:** é unha forma de ameaza ou chantaxe ao obter fotografías ou vídeos con contido sexual da vítima.

**SLUT-SHAMING**: fenómeno que consiste en insultar, burlarse ou avergoñar ás mulleres acusándoas de putas, zorras ou guarras coa intención de facelas sentir culpables por levar unha vida sexual que non é a que a sociedade espera delas.

**SORORIDADE:** solidariedade e alianza entre as mulleres para defenderse, apoiarse e loitar contra as discriminacións e os problemas compartidos polo feito de ser mulleres.

**TAXA ROSA**: prezo engadido que se aplica aos produtos destinados ao público feminino a pesar de que as súas características sexan idénticas a outros destinados ao público masculino.

**TEST DE BECHDEL**: método de avaliación para identificar o machismo e a fenda de xénero nas películas, series, cómics ou obras de teatro.

# V PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DA ESTRADA

(2023-2027)

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Centro de Información ás Mulleres
CIM A Estrada

Pacto de Estado contra a violencia de xénero

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD